

## ACTA Nº 2016/19

### SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

#### - CASA DO CONCELLO, XOVES 1 DE DECEMBRO DE 2016 -

No día de hoxe ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

**ASISTEN:**

BNG

TOBIAS BETANZOS REGO  
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA  
ADELINA CES QUINTÁNS  
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO  
RAQUEL GARCIA ABUIN

PP

MARÍA JESUS GALBAN TEIJEIRO  
ELISA BOUZAS VICENTE  
ADELA BECERRA MAYO  
ADRIÁN VIDAL IGLESIAS

PSOE

MARÍA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO  
MARTÍN COMOJO VICENTE  
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES  
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

SON-RIANXO EN COMÚN

ANTONIO CASTRO CASTRO  
JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ

**AUSENCIAS:**

MARÍA VANESA MARTINEZ DURAN

**SECRETARIA:**

PATRICIA SÁNCHEZ CASTELO

**INTERVENTORA:**

PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ

O alcalde sinala que na última sesión plenaria acordouse atrasar a sesión para o 1 de decembro. Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o sr. alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na

#### ORDE DO DÍA

##### APROBACIÓN DE ACTAS

1. - Aprobación Actas Plenos.

##### DACIÓNS DE CONTA

2. - Dación de Conta das Resolúcións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno
3. - Dación de conta da Resolución de Alcaldía nº 505/2016 de 19 de outubro das

## Modificacións das atribucións da Xunta de Goberno

### ASUNTOS DA C.I. DE ECONOMÍA, FACENDA E PARTICIPACIÓN VECIÑAL

4. - Aprobación do recoñecemento extraxudicial 12/2016
5. - Incremento do límite máximo das gratificacións para os funcionarios municipais e da produtividade de todo o persoal
6. - Ampliación dos límites cuantitativos relativos ao prezo de aluguer do contrato de arrendamento do equipamento de impresión e dixitalización
7. - Operación de préstamo. Anexo de investimentos do orzamento do 2016.

### ASUNTOS DA C.I. ESPECIAL DE CONTAS

8. - Aprobación da Conta Xeral do exercicio 2015

### OUTROS ASUNTOS

9. - Aprobación definitiva Desafectación escola vivenda Vacariza
10. - Solicitud á Dirección da Axencia de Turismo de Galicia, a regularización dos requisitos e os efectos da declaración de interese turístico de Galicia da Festa da Guadalupe de Rianxo

### ASUNTOS DA C.I. DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E DIVERSIDADE

11. - Incoación Exp SAF e delegación competencia

### MOCIÓNS DE URXENCIA

12. - Moción día internacional contra a violencia de Xénero. Presentada polo PSOE o 24-11-2016 Nº Rex. Entrada 6664
13. - Moción de posta en funcionamento do orzamento participativo. Presentada por Rianxo en Común ó 25-11-2016 Rexistro de Entrada nº 6707
14. - Moción a prol da ampliación da acreditación por violencia machista, da creación do estatuto do feminicidio e da toma de medidas contra as consecuencias sobre as mulleres da desigualdade económica.
15. - Moción de Creación de un carril bici e un sistema de préstamo público de bicicletas. Presentado por Rianxo en Común ó 25-11-2016, Rexistro de Entrada nº 6708.
16. - Moción para garantir o subministro eléctrico ás persoas sen recursos. Presentado polo BNG ó 25-11-2016 rexistro de entrada nº 6720
17. - Rogos e preguntas

## 1.- APROBACIÓN ACTAS PLENOS.

- **A Presidencia preguntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 152016 de 27/10/2016.**

A voceira do PSOE sinala que na acta nº 15 hai un erro na paxina 18 onde di: .../... vaise recoller a pedra da Eira do pai de Isorna

debe por: .../... vaise recoller a pedra da Eira do pan de Isorna

A continuación vótase o asunto.

O pleno por unanimidade dos presentes adopta este acordo:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 27/10/2016, Acta 15/2016.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

- **A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 18/2016 de 07/11/2016.**

A continuación vótase o asunto.

O pleno por unanimidade dos presentes adopta este acordo:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 27/10/2016, Acta 15/2016.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

## **2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO**

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/10/2016 ata o 31/10/2016, que comprenden os números 467/2016 ao 529/2016, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.-

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 19 da Sesión extraordinaria do día 13/10/2016
- Acta Nº 21 da Sesión extraordinaria do día 27/10/2016

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.-

### **3.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 505/2016 DE 19 DE OUTUBRO DAS MODIFICACIÓNS DAS ATRIBUCIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO**

Por Resolución nº 377/2015, do 06 de xullo determinouse a composición e competencias delegadas por esta Alcaldía na Xunta de Goberno Local.

Con data do 15 de outubro e por Resolución de alcaldía nº 552/2015, modificáronse atribucións da Xunta de Goberno Local.

Transcorrido tempo advírtese que non é operativo delegar nese órgano determinadas atribucións ao ser recorrente a inmediatez do acto como acontece respecto dos seguintes actos:

A resolución dos expedientes relativos a concesión das seguintes licencias ou autorizacións: vados, entrada en beirarrúas, reserva de vía pública, terrazas, colocación de vallas, e ocupación de vía pública en xeral e incluso de voo público (grúas).

Dito isto, e vistas as atribucións que corresponden á Alcaldía segundo o artigo 21 da Lei 7/1985, así como os concordantes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, o Rd.781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime local, o Rd.2568/1986 xa mencionado, RESOLVO:

#### **PRIMEIRO**

Modificar en varios apartados as atribucións delegadas na Xunta de Goberno Local de xeito que queda redactada na súa integridade nos termos que se indican deseguido:

##### **A) EN MATERIA DE URBANISMO E LICENZAS:**

A.1.- A resolución sobor da aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

A. 2.- As resolucións relativas aos expedientes urbanísticos de licencias previstas no artigo 194.2 da LEI 9/2002.( non inclúe os expedientes de reposición da legalidade, os sancionadores e caducidade destes).

Asemade darase conta das comunicacións previas verificadas en materia urbanística e das

denuncias ou informes de inspección respecto daquelas non comunicadas ou autorizadas, de se-lo caso.

A. 3.- A emisión de informe nos procedementos para a tramitación da autorización no solo rústico e outros informes que determine a normativa sectorial a expedir pola corporación e que non están atribuídos expresamente a outro órgano, relativos a temas urbanísticos ou medioambientais.

A.4. A aprobación do proxecto da actividade promovida polo concello cando precise de comunicación previa ou licenza ( artigo 30 da Lei 9/2013)

Tamén darase conta das comunicacións previas e de declaracións responsables verificadas en materia de apertura de establecementos e exercicio de actividades.

A. 5.- A autorización de espectáculos públicos e actividades recreativas, agás no referente a bailes e verbenas populares.

A. 6.- Autorización de instalacións varias en vía ou terreos públicos municipais (como por exemplo: quioscos, circos, ...)

A. 7.- Acordos de execución polo concello de obras menores ou reposición de servizos a instancia de particulares.

A. 8.- A aprobación urbanística de memorias ou proxectos técnicos para a execución das obras municipais ( exclúese a aprobación dos plans de seguridade e saúde e programas de traballo, cando sexa competente para a súa contratación ou concesión o Alcalde e estean previstas no orzamento municipal)

A. 9.- A transmisión da tramitación de licenzas, autorizacións e comunicacións previas que procedan legalmente sempre e cando non se trate dunha simple toma de razón nos expedientes mencionados neste apartado.

#### B) EN MATERIA CONTRACTUAL:

B. 1.- Nas contratacións que superen o importe do contrato menor e dentro dos límites competencias que ao Alcalde outorga o Disposición Adicional 2ª LCSP: unicamente a incoación e aprobación do expediente previa á apertura do procedemento da licitación.-

#### C) EN MATERIA ECONÓMICO FINANCEIRA:

C.1.- Aprobación de bases específicas reguladoras de concesión de subvencións en réxime de concorrencia e dos convenios de colaboración no caso de subvencións nominativas, a concesión de subvencións e a aprobación das contas xustificativas presentadas. Exceptúanse as axudas de emerxencia social.

C.2.- Aprobación das contas xustificativas presentadas polos pagamentos a xustificar que se concederan.

C.3.- Constitución de anticipos de caixa fixa. Aprobación, no seu caso, das contas xustificativas presentadas; aprobación da reposición de fondos ou cancelación do anticipo.

C.4.- Acordos relativos a cancelación de avais ou devolución de avais ou fianzas constituídas ou ingresadas a favor do Concello.

C.5.- Aprobación de padróns, matrículas e listas cobratorias de impostos municipais, taxas e prezos públicos.

C.6.- Aprobación de liquidacións provisionais e definitivas de impostos municipais, taxas e prezos públicos que teñan o seu orixe en expedientes dos que a competencia corresponda a Xunta de Goberno Local.

C.7.- Concesión de beneficios fiscais (exencións, bonificacións,...).

C.8.- Concesións de aprazamento e fraccionamento para o pago das débedas tributarias

C.9.- Resolución de expedientes de devolución de ingresos indebidos.

D) EN MATERIA DE BENS:

D. 1.- Adquisición de bens e dereitos así como o alleamento do patrimonio, nos termos e dentro dos límites establecidos na normativa aplicable ( disp. adic.9ª Lei 8/2007 e disp. adic.2ª Lei 30/2007 entre outras).

D. 2.-Incoación e resolución dos expedientes relativos ao uso e defensa dos bens municipais: investigación, deslinde, recuperación de oficio.

E) EN MATERIA DE PERSOAL:

E.1.- Acordar o inicio do expediente de selección de persoal laboral temporal coa xustificación da necesidade.

E.2. Aprobación das bases das probas para selección de persoal e a súa convocatoria.

E.3.- Concesión de anticipos ao persoal.

E.4.- Aprobar o recoñecemento do primeiro trienio ao persoal municipal, así como o recoñecemento de servizos previos, no seu caso.

E.5.- Aprobación de gratificacións por traballos realizados fora da xornada laboral do persoal funcionario e horas extraordinarias do persoal laboral, previamente autorizadas polo responsable do servizo co visto bo do concelleiro da área. Outorgamento de complementos de produtividade previa xustificación polo concelleiro da área

F) NOUTRAS MATERIAS:

1.- Autorización para a sinatura de convenios cando se instrumenten ao seu través subvencións de calquera entidade pública ou privada, na que a competencia non estea atribuída por Lei a outro órgano.

2.- A solicitude de delegación de competencias para contratar obras ou servizos da competencia da Alcaldía efectuadas a outras Administracións Públicas.

3.- Resolución dos expedientes de responsabilidade patrimonial incoados contra o concello.

4.- Dación de conta da recepción das comunicacións de demandas en vía xudicial interpostas contra o Concello e sentenzas ditadas.

SEGUNDO

A presente resolución terá efecto dende o día da súa data, sen perxuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia e notificarase os membros da Xunta de Goberno Local para os efectos do previsto no artigo 114 do ROF.

TERCEIRO

Da presente resolución darase conta ao Pleno na próxima sesión que se convoque para dar cumprimento ao previsto no art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.-

#### 4.- APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL 12/2016

Ao longo do exercicio 2016 rexistráronse de entrada facturas de exercicios anteriores para as que, neste momento, acredítase a existencia de crédito axeitado e suficiente. Son as que se inclúen na relación F/2016/64 por un importe de 18.234,69 €.

O 22/11/2016 a Intervención Municipal emitiu informe desfavorable IR 46/2016 coas seguintes conclusións:

##### “4. CONCLUSIONES

Facturas con informe favorable:  
Facturas con informe favorable e observacións:  
Facturas con reparo suspensivo: **Todas**

**Motivo:** No momento da realización do gasto non queda acreditada a existencia de crédito axeitado e suficiente, o que motiva a emisión dun informe de reparo suspensivo, por tratarse dun trámite esencial na tramitación dos contratos. A data de hoxe, si existe crédito axeitado e suficiente para a súa aprobación.

**Outras consideracións:** Para as seguintes prestacións xa se emitiron os informes de fiscalización de reparo con carácter extensivo en tanto non se modifiquen as circunstancias que os motivaron, polo que remítome ás conclusións dos ditos informes sen emitir un novo reparo:

Terceiro	Descrición	ADO	Nº informe	Decreto de levantamento de reparo
M <sup>a</sup> Isabel Ces Hermo (Ferraxería Aurora)	Material de limpeza para colexios e material de ferraxería	9	IR 12/2016	DA 163, do 25/03/2015
Talleres Milocho, SL	Mantemento de vehículos	25	IR 24/2016	DA 232, do 29/04/2015

**Así, os ditos extremos non son, outra vez obxecto desa fiscalización extensiva, aínda que cómpre remitirse outra vez ás ditas conclusións.**

Facturas sen reparo suspensivo:  
O órgano competente para a resolución do reparo, no seu caso, é, de acordo co artigo 217 TRLFL:  
O alcalde  
O Pleno”

Tendo en conta a doutrina da xurisprudencia do enriquecemento inxusto, aplicable a estes supostos, xa que se trata de prestacións realizadas de conformidade co concello, procede tramitar a aprobación e pagamento das facturas correspondentes, para evitar maior demora no seu abono.

A competencia para a aprobación deste expediente correspóndelle ao Pleno, de acordo coa base de execución 14<sup>a</sup>.c) do orzamento

Esta Alcaldía **PROPÓN AO PLENO A ADOCIÓN DESTE ACORDO:**

PRIMEIRO

Resolución e levantamento do reparo suspensivo IR 46/2016 emitido pola Intervención o 22/11/2016 no sentido de continuar coa tramitación do expediente de recoñecemento

extraxudicial 15/2016 das facturas da relación F/2016/64

## SEGUNDO

Aprobar o gasto, a súa disposición e o recoñecemento de obrigas dos gastos anteriores mediante recoñecemento extraxudicial 12/2016, con imputación ás aplicacións orzamentarias indicadas na táboa.

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Programa	Económico	Importe Total
F/2016/1249	21/04/16	14 369	29/08/14	B15873193	Remuíño Servicios XXI, S.L.	MATERIAL VARIO PARA CAMPAMENTOS SEGÚN FACTURA ANEXA ( MATERIAL PARA CAMPAMENTOS SEGÚN FACTURA ANEXA )	337	22000	3.475,64
F/2016/1287	11/04/16	15/00417	31/03/15	B15099963	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS PARA VÍAS URBANAS	1532	22114	575,57
F/2016/1288	11/04/16	15/00606	30/04/15	B15099963	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS PARA VÍAS URBANAS	1532	22114	255,64
F/2016/1289	11/04/16	15/00795	31/05/15	B15099963	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS PARA VÍAS URBANAS	1532	22114	75,61
F/2016/1290	11/04/16	15/00997	30/06/15	B15099963	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS PARA VIAS URBANAS	1532	22114	407,31
F/2016/1291	11/04/16	15/01223	31/07/15	B15099963	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS PARA VIAS URBANAS	1532	22114	40,80
F/2016/1292	11/04/16	15/01395	31/08/15	B15099963	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS PARA VIAS URBANAS	1532	22114	646,96
F/2016/1293	11/04/16	15/01574	30/09/15	B15099963	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS PARA VIAS URBANAS	1532	22114	232,26
F/2016/1294	11/04/16	15/01754	31/10/15	B15099963	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS PARA VIAS URBANAS	1532	22114	763,95
F/2016/1295	11/04/16	15/01914	30/11/15	B15099963	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS PARA VIAS URBANAS	1532	22114	445,16
F/2016/1296	11/04/16	15/02070	31/12/15	B15099963	Felipe Ces, S.L.	MATERIAIS PARA VIAS URBANAS	1532	22114	307,96
F/2016/1314	19/04/16	1 15140	31/03/15	76503079L	Mª Isabel Ces Herno (Ferraxeria Aurora)	MATERIAIS DE LIMPEZA PARA O POLIDEPORTIVO DE RIANXO	342	22110	306,13
F/2016/1315	19/04/16	1 15139	31/03/15	76503079L	Mª Isabel Ces Herno (Ferraxeria Aurora)	MATERIAIS DE LIMPEZA PARA CAMPO DE FÚTBOL DE VILAS	342	22110	499,64
F/2016/1332	19/04/16	A 180/2015	20/10/15	B15856321	CONTIDOS E MENSAXES, S.L.	15 REPORTAXES FOTOGRÁFICOS DE 10 FOTOS AÉREAS CADA UN (PROMOCIÓN DO TURISMO)	432	22799	3.630,00
F/2016/1333	19/04/16	B 1/2015	20/10/15	B15856321	CONTIDOS E MENSAXES, S.L.	REVELADO DIXITAL E RETOQUE FOTOGRÁFICO DE 150 FOTOS AÉREAS DO CONCELLO (PROMOCIÓN TURÍSTICA)	432	22799	1.815,00
F/2016/1341	19/04/16	1 15148	31/03/15	76503079L	Mª Isabel Ces Herno (Ferraxeria Aurora)	COPIA CHAVES	9201	22199	2,66
F/2016/1730	12/04/16	15/00062	07/07/15	76967359K	ROBERTO ABUIN RIAL (TALLERES NOAMAR)	LIMPEZA E REVISIÓN DA ZODIAC (BUXIA CHAMPION E BUZO)	135	21400	76,54



F/2016/1742	30/05/16	A 1529	30/05/16	B70158795	Carpas Facal, S.L.	Aluguer de carpa para a festa do Mexillón do ano 2015.	338	20800	1.452,00
F/2016/1889	11/04/16	2088	14/10/15	B70253687	Neumáticos Milocho, S.L.	ARRANXO VEHÍCULO CS-0482-AS	130	21400	318,86
F/2016/3028	01/08/16	103/2016	29/07/16	A70301510	Sermos Galiza, S.A.	INSERCIÓN PUBLICITARIA NO SEMANARIO ""SERMOS GALIZA"" EDICIÓN ESPECIAL ""25 DE XULLO"", O 21-07-2015: FALDON NA PAX. 23	334	22602	363,00
F/2016/3044	27/07/16	19	01/07/14	B70205687	IN9 Eventos, S.L.	INTERNATIONAL TREKKERS BARBANZA/SAR. 1ª ANDAINA DE 100 KM EN GALICIA	341	22609	1.749,00
F/2016/3053	22/07/16	3349	31/01/15	B70113709	AULIDE Y TAURIDE	3 LIBROS ENTREGADOS A CULTURA NOS ACTOS CASTELAO	334	22001	45,00
F/2016/3267	19/07/16	07/2016	20/06/16	G70480363	RIO DE ANXO	2 ACTUACIONES DE NAVIDADE CON PAPA NOE POLAS PARROQUIAS DE RIANXO 23/12/2016.	338	22609	500,00
F/2016/3268	19/07/16	06/2016	20/06/16	G70480363	RIO DE ANXO	1 ACTUACIÓN CON PAPA NOEL POLAS PARROQUIAS DE RIANXO O 22/12/2015	338	22609	250,00
<b>Total</b>									<b>18.234,69</b>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL, do día 28/11/2015, sendo este favorable.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### DEBATE:

O concelleiro Tobías Betanzos Rego di que a proposta foi exposta na comisión, que en total son 18.234,69€ a presentación deste expediente ao pleno de recoñecemento extraxudicial atende as demandas dos servizos non previstos no orzamento e por outra pretende non demorar os pagos e facturas, os atrasos débense a presentación das facturas tarde polos propios provedores e en outras ocasións a solicitude de corrección de erros.

O voceiro de grupo municipal de Rianxo en común segundo o informe de intervención de reparo ao expediente de recoñecemento extraxudicial non queda crédito nas partidas, supéranse os 30 días do pago a provedores.

A voceira do grupo municipal PSOE engade que se fixeran gastos con propostas non terían que ir a Pleno.

A voceira do grupo municipal PP di que seguen sen entender como non temos control dos albarás e facturas, o sentido do seu grupo e que van votar en contra.

O alcalde, intervén para dicir que o recoñecemento extraxudicial pretende sacar a luz facturas baixo do caixón, non hai nada que ocultar ó contrario sería acumular. Tan pronto como hai crédito e se poidan, tráense o pleno a aprobar, os provedores non teñen porque verse perxudicados por problemas de orzamentarios dos concellos eles prestaron uns servizos e deben remunerárselles.

Se a idea e castigar o grupo de goberno erran porque estarían castigando os provedores tardarían máis en cobrar. Castíguenos na discusión, se non se recoñecen e pagan os provedores acudirán os tribunais e reclamaran xuros de demora.

A corporación traballa con propostas de gastos no distintos servizos non obstante pode haber algunhas partidas que o final de ano vanse esgotando porque e moi difícil estimar a longo prazo todas as necesidades.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 6 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG), seis votos en contra (dos 4 membros do grupo PP e 2 membros de Rianxo en Común) e catro abstencións (4 dos membros do grupo PSOE), visto o resultado da votación, dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta co voto de calidade do alcalde

## 5.- INCREMENTO DO LÍMITE MÁXIMO DAS GRATIFICACIÓNS PARA OS FUNCIONARIOS MUNICIPAIS E DA PRODUTIVIDADE DE TODO O PERSOAL

O saldo de crédito dispoñible para o recoñecemento de gratificacións aos funcionarios municipais ascende é actualmente de cero:

Pro.	Eco.	Créditos Totales consignados	de Créditos disponibles
130	15100	17.203,78	0,00
163	15100	1.896,22	0,00
		<b>19.100,00</b>	<b>0,00</b>

Non obstante, da documentación remitida polo Departamento á Intervención resulta que hai un importe proposto para o seu abono e que, por superar os créditos consignados, queda pendente de retribución. O dito importe ascende a 3.615,45 €; non obstante, co fin de prever posibles gastos non previstos, considérase preciso incrementar a dotación en **4.000 €**.

No caso da produtividade ocorre o mesmo suposto. O estado de execución do orzamento é o que segue:

Pro.	Eco.	Créditos Totales consignados	de Créditos disponibles
130	15000	2.500,00	1.820,61
9201	15000	2.500,00	2.500,00
		<b>5.000,00</b>	<b>4.320,61</b>

Debido á necesidade de darlle cumprimento á doutrina sobre a retribución dos empregados que ocupan postos de traballo de categoría superior e que as produtividades derivadas de traballos nas festas da Guadalupe, o importe previsto de produtividade

ascende a 18.456,62 €, de acordo coa información do Departamento de Emprego. Tendo en conta que o saldo de crédito dispoñible global ascende a 4.320,61 €, existe un déficit de 14.136,01 €. Co fin de cubrir contingencias non previstas, considérase conveniente incrementar a dotación en 15.500 €.

De acordo co art. 6.1 RD 861/1986, do 25 de abril, correspóndelle ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a contía global destinada á asignación das gratificacións aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no art. 7.2.c) do dito RD, a ampliación do límite máximo debe autorizarse polo Pleno.

A Intervención emite o 23/11/2016 un informe de fiscalización favorable ao expediente

Visto o exposto, **PROPOÑO:**

#### PRIMEIRO

Ampliar o importe global destinado ás gratificacións dos funcionarios municipais e produtividade nos seguintes importes:

CONCEPTO RETRIBUTIVO	INCREMENTO	TOTAL
PRODUTIVIDADE	15.500,00	20.500,00
GRATIFICACIÓNS	4.000,00	23.100,00

#### SEGUNDO

Darlle traslado deste acordo á Intervención Municipal para que tramite as modificacións orzamentarias que incrementen as aplicacións do orzamento relativas ás gratificacións dos funcionarios municipais.

#### TERCEIRO

Darlle traslado ao Departamento de Emprego para que retome a tramitación dos expedientes de gratificacións/produtividade que quedaron pendentes de crédito orzamentario para incluílos na seguinte nómina.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL, do día 28/11/2015, sendo este favorable.

Unha vez exposta a proposta polo Concelleiro de Facenda Fobias continúa a súa intervención manifestando que se trata de optimizar os recursos persoais de todos os departamentos estanse facendo horas extras e o normal e que se paguen. Outro concepto que se remunera son as produtividades cando un funcionario desempeña funcións de nivel superior correspóndelle quen substitúa ter dereito a compensar a diferenza do complemento específico, trátase dunha compensación por criterios obxectivos non subxectivos. Na previsión que se fixo quedámonos curtos.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

Voceiro de Rianxo en Común di que lles parece un despropósito cando a comezos do ano había unha persoa que estaba faltando non se preverá a compensación o substituto. Queremos elabore unha Relación de Postos de Traballo.

Voceira do PSOE expresa que había que dotar as partidas con crédito suficiente. Vámonos abster

Voceira do PP: vamos a votar a favor porque os traballadores non teñen porque sufrir eles non teñen culpa.

Adolfo remata o turno de intervencións expoñendo que era unha demanda do comité de empresa que se remunerasen as horas extras e as substitucións dos xefes dos servizos non so do xefe da policía, so se había previsto o mes de vacacións e a partida da produtividade esgotouse.

Con respecto a RPT estase traballando na súa elaboración pero os custes laborais van saír moito máis elevados.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 membros do grupo PP e 2 membros de Rianxo en Común), cero votos en contra e catro abstencións (4 dos membros do grupo PSOE) dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

## **6.- AMPLIACIÓN DOS LÍMITES CUANTITATIVOS E TEMPORAIS DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DO EQUIPAMENTO DE IMPRESIÓN E DIXITALIZACIÓN**

### **1. NORMATIVA APLICABLE**

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das Facendas Locais (TRLFL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei reguladora das facendas locais en materia de orzamentos (RP)

### **2. ANTECEDENTES**

O 22/11/2016 esta Intervención emitiu un informe sobre a distribución en anualidades do contrato de subministración de arrendamento do equipamento de impresión e dixitalización.

O 22/11/2016 emitíuse un informe-proposta que, no apartado da distribución da estimación do prezo de mantemento nas aplicacións orzamentarias e departamentos existía un erro na porcentaxe de uso, o que fixo que o cadro 2 *Canon de mantemento* non reflectise

axeitadamente as estimacións orzamentarias por departamentos, aínda que non afectaba aos importes totais, nin á proposta de acordo. Por este motivo, emítense este informe-proposta emendado.

Do análise do expediente resulta que o tratamento contable do arrendamento debe ser o propio de arrendamento con opción de compra, isto é, do capítulo 6 do estado de gastos, o correspondente aos investimentos reais, tal e como figura na táboa correspondente:

### Distribución por aplicacións orzamentarias

#### 1. Prezo de aluguer e opción de compra

Sede ou Departamento	Opción de compra	Equipo	Programa de gasto (económico 64800)	2017	2018	2019	2020	Valor residual	2020 (10% adicional)	TOTAL
Policía Local	Non	Impresora multifunción	130	887,61	887,61	887,61	887,61	0,00	0,00	3.550,44
			<b>130 Resultado</b>	<b>887,61</b>	<b>887,61</b>	<b>887,61</b>	<b>887,61</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>3.550,44</b>
Urbanismo	Non	Impresora multifunción	151	887,61	887,61	887,61	887,61	0,00	0,00	3.550,44
			<b>151 Resultado</b>	<b>887,61</b>	<b>887,61</b>	<b>887,61</b>	<b>887,61</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>3.550,44</b>
Servizos Sociais	Non	Impresora multifunción	231	887,61	887,61	887,61	887,61	0,00	0,00	3.550,44
			<b>231 Resultado</b>	<b>887,61</b>	<b>887,61</b>	<b>887,61</b>	<b>887,61</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>3.550,44</b>
Emprego e Persoal	Non	Impresora multifunción	241	887,61	887,61	887,61	887,61	0,00	0,00	3.550,44
			<b>241 Resultado</b>	<b>887,61</b>	<b>887,61</b>	<b>887,61</b>	<b>887,61</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>3.550,44</b>
Museo do Mar	Non	Impresora multifunción	333	887,61	887,61	887,61	887,61	0,00	0,00	3.550,44
			<b>333 Resultado</b>	<b>887,61</b>	<b>887,61</b>	<b>887,61</b>	<b>887,61</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>3.550,44</b>
Auditorio	Non	Impresora multifunción	334	887,61	887,61	887,61	887,61	0,00	0,00	3.550,44
			<b>334 Resultado</b>	<b>887,61</b>	<b>887,61</b>	<b>887,61</b>	<b>887,61</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>3.550,44</b>
Cuartel Vello	Non	Impresora multifunción	341	887,61	887,61	887,61	887,61	0,00	0,00	3.550,44
			<b>341 Resultado</b>	<b>887,61</b>	<b>887,61</b>	<b>887,61</b>	<b>887,61</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>3.550,44</b>
Pavillón Rianxo	Non	Impresora multifunción	342	887,61	887,61	887,61	887,61	0,00	0,00	3.550,44
Pavillón Taragoña	Non	Impresora multifunción	342	887,61	887,61	887,61	887,61	0,00	0,00	3.550,44
			<b>342 Resultado</b>	<b>1.775,22</b>	<b>1.775,22</b>	<b>1.775,22</b>	<b>1.775,22</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>7.100,88</b>
Recadación	Non	Impresora multifunción	932	887,61	887,61	887,61	887,61	0,00	0,00	3.550,44
Recadación	Si	Pregadora e seladora	932	887,61	887,61	887,61	887,61	0,00	0,00	3.550,44
			<b>932</b>	<b>1.775,22</b>	<b>1.775,22</b>	<b>1.775,22</b>	<b>1.775,22</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>7.100,88</b>

			Resultado							
Biblioteca	Non	Impresora multifunción	3321	887,61	887,61	887,61	887,61	0,00	0,00	3.550,44
			<b>3321 Resultado</b>	<b>887,61</b>	<b>887,61</b>	<b>887,61</b>	<b>887,61</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>3.550,44</b>
Rexistro Xeral	Non	Impresora multifunción	9201	887,61	887,61	887,61	887,61	0,00	0,00	3.550,44
Oficinas Xerais	Non	Impresora multifunción	9201	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10.708,50	10.708,50
Indeterminado	Non	Indeterminado	9201	887,61	887,61	887,61	887,61	0,00	0,00	3.550,44
Rexistro Xeral	Si	Escáner	9201	887,61	887,61	887,61	887,61	0,00	0,00	3.550,44
Rexistro Xeral	Si	Escáner	9201	146,94	146,94	146,94	146,94	13,09	0,00	600,85
Rexistro Xeral	Si	Escáner	9201	146,94	146,94	146,94	146,94	13,09	0,00	600,85
			<b>9201 Resultado</b>	<b>2.956,71</b>	<b>2.956,71</b>	<b>2.956,71</b>	<b>2.956,71</b>	<b>26,18</b>	<b>10.708,50</b>	<b>22.561,52</b>
Xulgado de Paz	Non	Impresora multifunción	9202	146,94	146,94	146,94	146,94	13,09	0,00	600,85
			<b>9202 Resultado</b>	<b>146,94</b>	<b>146,94</b>	<b>146,94</b>	<b>146,94</b>	<b>13,09</b>	<b>0,00</b>	<b>600,85</b>
Oficina de Obras	Non	Impresora multifunción	9203	146,94	146,94	146,94	146,94	13,09	0,00	600,85
			<b>9203 Resultado</b>	<b>146,94</b>	<b>146,94</b>	<b>146,94</b>	<b>146,94</b>	<b>13,09</b>	<b>0,00</b>	<b>600,85</b>
			<b>Total xeral</b>	<b>13.901,91</b>	<b>13.901,91</b>	<b>13.901,91</b>	<b>13.901,91</b>	<b>52,36</b>	<b>10.708,50</b>	<b>66.368,50</b>

Aplicación orzamentaria	2017	2018	2019	2020	Valor residual	2020 (10% adicional)	TOTAL
130.64800	887,61	887,61	887,61	887,61	0,00	0,00	3.550,44
151.64800	887,61	887,61	887,61	887,61	0,00	0,00	3.550,44
231.64800	887,61	887,61	887,61	887,61	0,00	0,00	3.550,44
241.64800	887,61	887,61	887,61	887,61	0,00	0,00	3.550,44
333.64800	887,61	887,61	887,61	887,61	0,00	0,00	3.550,44
334.64800	887,61	887,61	887,61	887,61	0,00	0,00	3.550,44
341.64800	887,61	887,61	887,61	887,61	0,00	0,00	3.550,44
342.64800	1.775,22	1.775,22	1.775,22	1.775,22	0,00	0,00	7.100,88
932.64800	1.775,22	1.775,22	1.775,22	1.775,22	0,00	0,00	7.100,88
3321.64800	887,61	887,61	887,61	887,61	0,00	0,00	3.550,44
9201.64800	2.956,71	2.956,71	2.956,71	2.956,71	26,18	10.708,50	22.561,52
9202.64800	146,94	146,94	146,94	146,94	13,09	0,00	600,85
9203.64800	146,94	146,94	146,94	146,94	13,09	0,00	600,85
<b>Total xeral</b>	<b>13.901,91</b>	<b>13.901,91</b>	<b>13.901,91</b>	<b>13.901,91</b>	<b>52,36</b>	<b>10.708,50</b>	<b>66.368,50</b>

## 2. Canon de mantemento

A segunda parte do prezo é o canon de mantemento e trátase dun servizo imputable ao capítulo 2. A súa distribución por anualidades é a que segue:

Sede ou Departamento	Equipo	Programa de gasto	2017	2018	2019	2020	TOTAL
----------------------	--------	-------------------	------	------	------	------	-------

Policía Local	Impresora multifunción	130	1.082,47	1.082,47	1.082,47	1.082,47	4.329,88
		<b>130 Resultado</b>	<b>1.082,47</b>	<b>1.082,47</b>	<b>1.082,47</b>	<b>1.082,47</b>	<b>4.329,88</b>
Urbanismo	Impresora multifunción	151	703,20	703,20	703,20	703,20	2.812,80
		<b>151 Resultado</b>	<b>703,20</b>	<b>703,20</b>	<b>703,20</b>	<b>703,20</b>	<b>2.812,80</b>
Servizos Sociais	Impresora multifunción	231	1.055,46	1.055,46	1.055,46	1.055,46	4.221,84
		<b>231 Resultado</b>	<b>1.055,46</b>	<b>1.055,46</b>	<b>1.055,46</b>	<b>1.055,46</b>	<b>4.221,84</b>
Emprego e Persoal	Impresora multifunción	241	298,24	298,24	298,24	298,24	1.192,96
		<b>241 Resultado</b>	<b>298,24</b>	<b>298,24</b>	<b>298,24</b>	<b>298,24</b>	<b>1.192,96</b>
Museo do Mar	Impresora multifunción	333	213,44	213,44	213,44	213,44	853,76
		<b>333 Resultado</b>	<b>213,44</b>	<b>213,44</b>	<b>213,44</b>	<b>213,44</b>	<b>853,76</b>
Auditorio	Impresora multifunción	334	2.481,32	2.481,32	2.481,32	2.481,32	9.925,28
		<b>334 Resultado</b>	<b>2.481,32</b>	<b>2.481,32</b>	<b>2.481,32</b>	<b>2.481,32</b>	<b>9.925,28</b>
Cuartel Vello	Impresora multifunción	341	1.423,25	1.423,25	1.423,25	1.423,25	5.693,00
		<b>341 Resultado</b>	<b>1.423,25</b>	<b>1.423,25</b>	<b>1.423,25</b>	<b>1.423,25</b>	<b>5.693,00</b>
Pavillón Rianxo	Impresora multifunción	342	208,22	208,22	208,22	208,22	832,88
Pavillón Taragoña	Impresora multifunción	342	204,44	204,44	204,44	204,44	817,76
		<b>342 Resultado</b>	<b>412,66</b>	<b>412,66</b>	<b>412,66</b>	<b>412,66</b>	<b>1.650,64</b>
Recadación	Impresora multifunción	932	656,88	656,88	656,88	656,88	2.627,52
		<b>932 Resultado</b>	<b>656,88</b>	<b>656,88</b>	<b>656,88</b>	<b>656,88</b>	<b>2.627,52</b>
Biblioteca	Impresora multifunción	3321	520,69	520,69	520,69	520,69	2.082,76
		<b>3321 Resultado</b>	<b>520,69</b>	<b>520,69</b>	<b>520,69</b>	<b>520,69</b>	<b>2.082,76</b>
Rexistro Xeral	Impresora multifunción	9201	1.388,55	1.388,55	1.388,55	1.388,55	5.554,20
Oficinas Xerais	Impresora multifunción	9201	1.848,69	1.848,69	1.848,69	1.848,69	7.394,76
Indeterminado	Impresora multifunción	9201	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00



		<b>9201 Resultado</b>	<b>3.237,24</b>	<b>3.237,24</b>	<b>3.237,24</b>	<b>3.237,24</b>	<b>12.948,96</b>
Xulgado de Paz	Impresora multifunción	9202	559,31	559,31	559,31	559,31	2.237,24
		<b>9202 Resultado</b>	<b>559,31</b>	<b>559,31</b>	<b>559,31</b>	<b>559,31</b>	<b>2.237,24</b>
Oficina de Obras	Impresora multifunción	9203	210,83	210,83	210,83	215,87	848,36
		<b>9203 Resultado</b>	<b>210,83</b>	<b>210,83</b>	<b>210,83</b>	<b>215,87</b>	<b>848,36</b>
		<b>Total xeral</b>	<b>12.854,99</b>	<b>12.854,99</b>	<b>12.854,99</b>	<b>12.860,03</b>	<b>51.425,00</b>

Aplicación orzamentaria	2017	2018	2019	2020	TOTAL
130.21300	1.082,47	1.082,47	1.082,47	1.082,47	4.329,88
151.21300	703,20	703,20	703,20	703,20	2.812,80
231.21300	1.055,46	1.055,46	1.055,46	1.055,46	4.221,84
241.21300	298,24	298,24	298,24	298,24	1.192,96
333.21300	213,44	213,44	213,44	213,44	853,76
334.21300	2.481,32	2.481,32	2.481,32	2.481,32	9.925,28
341.21300	1.423,25	1.423,25	1.423,25	1.423,25	5.693,00
342.21300	412,66	412,66	412,66	412,66	1.650,64
932.21300	656,88	656,88	656,88	656,88	2.627,52
3321.21300	520,69	520,69	520,69	520,69	2.082,76
9201.21300	3.237,24	3.237,24	3.237,24	3.237,24	12.948,96
9202.21300	559,31	559,31	559,31	559,31	2.237,24
9203.21300	210,83	210,83	210,83	215,87	848,36
<b>Total xeral</b>	<b>12.854,99</b>	<b>12.854,99</b>	<b>12.854,99</b>	<b>12.860,03</b>	<b>51.425,00</b>

### 3. INFORME

#### 3.1 Aplicación da tramitación anticipada aos gastos plurianuais

Aínda que este extremo debe ser obxecto de fiscalización no propio expediente de contratación, é necesario adiantar a conclusión desta Intervención, que é favorable.

O artigo 174.2 TRLFL establece a posibilidade de adquirir compromisos de gastos que se estendan a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, sempre que a súa execución se inicie no propio exercicio. Este precepto, semella que faise incompatible a tramitación anticipada cos gastos plurianuais.

A normativa de contratación administración permitía na Lei 13/1995, de contratos das Administracións Públicas a tramitación anticipada de contratos. Actualmente, o artigo 110.2 TRLCSP establece que *“os expedientes de contratación poderán ultimarse incluso coa adxudicación e a formalización do contrato correspondente, aínda que a súa execución, xa se realice nunha ou en varias anualidades deba realizarse no exercicio seguinte. A estes efectos poderán comprometerse créditos coas limitacións que se determinen nas normas*

*orxamentarias das diferentes Administracións Públicas suxeitas a esta lei”.*

Os supostos que prevé a normativa das facendas locais para os gastos plurianuais están no seu artigo 174.2 TRLFL:

- a) Investimentos e transferencias de capital.
- b) Os demais contratos e os de subministro, de consultoría, de asistencia técnica e científica, de prestación de servizos, de execución de obras de mantemento e de arrendamento de equipos non habituais das entidades locais, sometidos ás normas do Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño (*norma derogada polo TRLCSP*), que non poidan estipularse ou resulten antieconómicos por un ano.
- c) Arrendamentos de bens inmoables
- d) Cargas financeiras das débedas da entidade local e dos seus organismos autónomos
- e) Transferencias correntes que se deriven de convenios subscritos polas Corporacións Locais con outras entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro

A normativa que regula os contratos públicos e permite a súa tramitación anticipada refírese a algunha das categorías dos gastos plurianuais anteriormente enumerados, polo que entendo que se trata dunha norma especial, que debe rexer sobre a das facendas locais.

Por outra parte, ata o ano 2013, o artigo 47 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orxamentaria establecía tamén como requisito dos gastos plurianuais que a súa execución se iniciase no mesmo exercicio, de igual modo que no TRLFL. Non obstante, no caso estatal, a disposición final oitava da Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas, introduciuse un novo apartado 6 no antedito artigo 47, que di:

*“6. No caso da tramitación anticipada dos expedientes de contratación aos que se refire o artigo 110.2 do texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e na tramitación anticipada daqueles expedientes de gasto cuxa normativa reguladora permita chegar á formalización do compromiso de gasto, deberánse cumprir os límites e as anualidades ou importes autorizados aos que se refiren os apartados 2 a 5 deste artigo”*

A compatibilidade entre gastos plurianuais e a tramitación anticipada chegou de modo expreso á normativa orxamentaria estatal, o que non ocorreu coa local, aínda que non o considero un impedimento, xa que entendo que, neste suposto, prevalece a normativa sobre contratación sobre a das facendas locais.

### **3.2 Verificación do cumprimento dos límites do gasto plurianual**

O artigo 174.3 TRLFL establece o tipo de límites que se deben aplicar:

- a) Investimentos e transferencias de capital.
- b) Os demais contratos e os de subministro, de consultoría, de asistencia técnica e científica, de prestación de servizos, de execución de obras de mantemento e de arrendamento de equipos non habituais das entidades locais, sometidos ás normas do Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño (*norma derogada polo TRLCSP*), que non poidan estipularse ou resulten antieconómicos por un ano.
- c) Arrendamentos de bens inmoables

d) Cargas financeiras das débedas da entidade local e dos seus organismos autónomos

e) Transferencias correntes que se deriven de convenios subscritos polas Corporacións Locais con outras entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro

*“O número de exercicios aos que poden aplicárselle os gastos referidos nos parágrafos a), b) e e) do apartado anterior non será superior a catro. Así mesmo, nos casos incluídos nos parágrafos a) e e), o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros autorizados non poderá exceder da contía que resulte de aplicar ao crédito correspondente do ano no que a operación comprometeuse, as seguintes porcentaxes: no exercicio inmediato seguinte, o 70 por 100; no segundo exercicio, o 60 por 100, e no terceiro e cuarto, o 50 por 100”.*

Do anterior resulta o seguinte:

- O prezo de arrendamento está suxeito aos límites temporais e cuantitativos
- O canon de mantemento está suxeito ao límite temporal

### 3.2.1 Límite temporal

Os exercicios futuros non superan o límite de catro, polo que este límite verificase

### 3.2.2 Límite cuantitativo

Do artigo 174.4 TRLFL extráese que a aplicación dos límites realizarase a partir do crédito do exercicio corrente, unha vez que se lle deducen os importes das anualidades dos proxectos taxativos que lle correspondan a ese ano.

Os proxectos taxativos son os que figuran de modo expreso nas bases de execución do orzamento para permitir que se excedan dalgún dos límites dos gastos plurianuais. Dos artigos 81 e seguintes do RP resultan as seguintes regras para fixar o cumprimento dos límites:

- A verificación dos créditos realizarase sobre os créditos iniciais dentro do nivel da vinculación xurídica
- Se dentro dos créditos iniciais hai unha parte que se destina á execución de anualidades de proxectos de investimento iniciados en exercicios anteriores, os límites calcularanse unha vez deducidas as anualidades correspondentes a estes últimos, salvo que se refira á execución da última das anualidades autorizadas.

Destes preceptos resulta que os importes que hai que deducir antes da aplicación das porcentaxes son as anualidades derivadas dos seguintes contratos:

- Contrato con arrendamento con opción de compra do equipamento informático do concello (10.046,40 €): 9201.64800
- Contrato con arrendamento sen opción de compra do vehículo da Policía Municipal (8.842,68 €): 130.64800

A continuación, no seguinte cadro amósase a **situación de incumprimento dos límites cuantitativos**, por tratarse dun contrato que afecta a niveis de vinculación xurídica que non se dotaron nos créditos iniciais:

Pro.	Eco.	Proyecto	Créditos Consignados	Proyectos taxativos e outras minoracio ns	Saldo disponible	Límites				Anualidades				Cumprimento dos límites			
						2017 (70%)	2018 (60%)	2019 (50%)	2020 (50%)	2017	2018	2019	2020	2017	2018	2019	2020
13	6		0,00														
13	6	2015 4 6 1	8.900,00														
13	6	2016 4 1 1	12.150,00														
	<b>6</b>		<b>21.050,00</b>														
<b>13</b>			<b>21.050,00</b>	<b>-8.842,68</b>	<b>12.207,32</b>	8.545,12	7.324,39	6.103,66	6.103,66	887,61	887,61	887,61	887,61	SI	SI	SI	SI
15	6		111.067,56														
15	6	2016 2 9 1	201.413,89														
	<b>6</b>		<b>312.481,45</b>														
<b>15</b>			<b>312.481,45</b>		<b>312.481,45</b>	218.737,02	187.488,87	156.240,73	156.240,73	887,61	887,61	887,61	887,61	SI	SI	SI	SI
33	6		3.139,11														
33	6	2015 2 21 1	1.930,01														
33	6	2015 2 5 1	30.000,00														
33	6	2016 2 10 1	2.708,83														
33	6	2016 2 11 1	47.364,16														
33	6	2016 4 13 1	27.000,00														
33	6	2016 4 5 1	3.000,00														
	<b>6</b>		<b>115.142,11</b>														
<b>33</b>			<b>115.142,11</b>		<b>115.142,11</b>	80.599,48	69.085,27	57.571,06	57.571,06	2.662,83	2.662,83	2.662,83	2.662,83	SI	SI	SI	SI
34	6		28.535,75														
34	6	2016 4 3 1	5.765,93														
	<b>6</b>		<b>34.301,68</b>														
<b>34</b>			<b>34.301,68</b>		<b>34.301,68</b>	24.011,18	20.581,01	17.150,84	17.150,84	2.662,83	2.662,83	2.662,83	2.662,83	SI	SI	SI	SI
93	6		9.272,04														

93	6	2016 2 1 1	66.480,01														
93	6	2016 2 7 1	40.340,57														
93	6	2016 2 8 1	100.537,71														
93	6	2016 4 9 1	0,00														
<b>6</b>			<b>216.630,33</b>														
<b>93</b>			<b>216.630,33</b>	<b>216.630,33</b>	151.641,23	129.978,20	108.315,17	108.315,17	1.775,22	1.775,22	1.775,22	1.775,22	SI	SI	SI	SI	
9201	6		33.014,03														
9201	6	2015 4 5 1	10.884,80														
9201	6	2016 4 6 1	2.161,60														
<b>6</b>			<b>46.060,43</b>														
<b>9201</b>			<b>46.060,43</b>	<b>-10.046,40</b>	<b>36.014,03</b>	25.209,82	21.608,42	18.007,02	18.007,02	2.956,71	2.956,71	2.982,89	SI	SI	SI	SI	
9203	6		4.195,99														
9203	6	2016 4 10 1	17.000,00														
9203	6	2016 4 11 1	5.160,00														
9203	6	2016 4 12 1	0,00														
9203	6	2016 4 8 1	0,00														
<b>6</b>			<b>26.355,99</b>														
<b>9203</b>			<b>26.355,99</b>	<b>26.355,99</b>	18.449,19	15.813,59	13.178,00	13.178,00	146,94	146,94	146,94	160,03	SI	SI	SI	SI	
23	6		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	887,61	887,61	887,61	887,61	NON	NON	NON	NON	
24	6		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	887,61	887,61	887,61	887,61	NON	NON	NON	NON	
9202	6		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	146,94	146,94	146,94	160,03	NON	NON	NON	NON	
<b>Total</b>									<b>13.901,91</b>	<b>13.901,91</b>	<b>13.901,91</b>	<b>13.954,27</b>					

Dado que no 2016 non se autorizou ningún gasto plurianual referido a investimentos non é preciso minorar os límites máximos resultantes polos importes autorizados neste ano.

### 3.3 Autorización do gasto plurianual

Existen varias posibilidades para superar os límites dun gasto plurianual:

- Proxectos taxativos: son os previstos nas bases de execución do orzamento, polo que precisaríase da súa modificación, o que é difícil para a súa entrada en vigor neste ano, dado que o Pleno está previsto para o 01/12/2016. É moi complexo que a entrada en vigor da modificación se produza no 2016 e no ano seguinte deberíase iniciar novamente este proceso.
- Autorizacións excepcionais polo Pleno do artigo 84 RP:
  - Nos casos excepcionais, o Pleno poderá ampliar o número de anualidades, así como elevar as porcentaxes ás que se refire o artigo 2. **Este precepto non é válido, porque nos supostos de créditos iniciais cero, calquera porcentaxe daría igual a un límite máximo de cero.**
  - O Pleno da entidade poderá igualmente, aos efectos de facilitar o seu cálculo, fixar directamente o importe dos novos límites. **Esta é a opción que se propón: fixar directamente as anualidades do contrato que non respectan os límites cuantitativos.**

### 3.4 Órgano competente

Como se indicou, o artigo 84 RP establece que é o Pleno, por maioría simple

### 3.5 Outras consideracións

Tendo en conta a natureza do contrato e tendo en conta que as anualidades distribuídas por niveis de vinculación teñen un carácter estimativo, é probable que se produzan variacións con respecto das previsións do prego de cláusulas administrativas, incluso con respecto do prazo, no suposto de atrasos no inicio do período de execución. Polos ditos motivos, considero conveniente:

- I. Que o Pleno autorice os límites cuantitativos dos niveis de vinculación que non teñen créditos iniciais por un importe lixeiramente superior ao das anualidades estimadas
- II. Que o Pleno autorice o incremento do límite temporal ata 2021, ante posibles atrasos no comezo da execución contractual

Á vista do exposto, **PROPOÑO**

#### PRIMEIRO

Autorizar a ampliación do límite temporal do contrato a 5 anos futuros con respecto do 2016, isto é, ata o ano 2021.

#### SEGUNDO

Autorizar os seguintes límites cuantitativos nas bolsas de vinculación inexistentes nos créditos iniciais do orzamento, con respecto ao prezo de aluguer do contrato de

arrendamento dos equipos de impresión e dixitalización:

Nivel de vinculación	2017	2018	2019	2020	2021
23/6	1.000,00	1.000,00	1.000,00	1.000,00	1.000,00
24/2	1.000,00	1.000,00	1.000,00	1.000,00	1.000,00
9202/2	500,00	500,00	500,00	500,00	500,00

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL, do día 28/11/2015, sendo este favorable.

Tobías despois de expoñer o contido da proposta polo Sr. Alcalde procedese a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

Portavoz de Rianxo en Común: coa administración electrónica tendemos a utilizar menos papel, chama atención a este grupo porque son os mesmos os custes de aluguer da fotocopiadora dun pavillón a de outros servizos que en principio se usaría mais. Sacamos unha conclusión e que todos deberíamos utilizar menos papel.

A portavoz do PSOE manifesta que apoiaremos sacar a licitación deste servizo e recordamos hai moitos outros servizos que se presentan facturas de tracto sucesivo.

Intervén o portavoz do PP: expresa que considera o material de impresión como unha ferramenta necesaria e básica para prestar os servizos.

Tobías manifesta que o aluguer e por máquina e o importe apenas varía, en cambio os gastos de mantemento si se prevén en función do número de copias, as empresas retribuiranse en función do número de copias que se gasten.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## **7.- OPERACIÓN DE PRÉSTAMO. ANEXO DE INVESTIMENTOS DO ORZAMENTO DO 2016**

O Anexo de Investimentos do orzamento 2016, cuxa aprobación definitiva publicouse no BOP número 161 de a provincia de A Coruña o 25 de agosto de 2016, incorporaba 500.000 € na aplicación orzamentaria 323/623.00 para a realización de “melloras nas escolas unitarias” do Concello.

Considerando que o financiamento previsto para o antedito investimento é a través da concertación dunha operación de préstamo polo mesmo importe, dictouse providencia da Alcaldía para que os servizos económicos do Concello efectuaran os trámites oportunos para a formalización da operación.

Os Pregos que se someten a informe da tesourería e da intervención municipais son os

seguintes:

“PREGO DE CONDICIÓNNS PARA A CONTRATACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO POR IMPORTE DE 500.000 € PARA O FINANCIAMENTO DE INVESTIMENTOS

#### **PRIMEIRO. OBXECTO**

O obxecto deste prego é regular a contratación dunha operación de préstamo a longo prazo por importe de 500.000 €, que terá o carácter de financiamento afectado aos investimentos previstos no Anexo de Investimentos dos Orzamentos do Concello de Rianxo para o exercicio 2016.

#### **SEGUNDO. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO**

Ao abeiro do artigo 4.1.l) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, os contratos relativos a servizos financeiros relacionados coa emisión, compra, venda e transferencia de valores ou de outros instrumentos financeiros, así como as operacións destinadas á obtención de fondos ou capital polos entes, organismos e entidades do sector público, así como os servizos prestados polo Banco de España e as operacións de tesourería, están excluídos do ámbito de aplicación da LCSP.

#### **TERCEIRO. ÓRGANO COMPETENTE**

O órgano municipal competente para a contratación será o Pleno da Corporación, a tenor do establecido no artigo 52.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e do artigo 22.2.m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, pois o importe acumulado das operacións concertadas no exercicio é superior ao 10 por 100 dos recursos ordinarios previstos no presuposto vixente, sen perxuízo de que o Pleno acorde delegar tal atribución na Xunta de Goberno Local.

#### **CUARTO. PREZO DO CONTRATO. COSTE TOTAL MÁXIMO**

4.1. O Concello de Rianxo non cumpre as condicións de carácter subxectivo para a adhesión ao Fondo de Impulso Económico, previstas no artigo 50 do RDLei 17/2014, de 26 de decembro, polo que o diferencial máximo a aplicar sobre o Custo de Financiamento do Estado será o 75 % (75 puntos básicos)

4.2. Para o cálculo do Custo de Financiamento do Estado emprégase a táboa de diferenciais máximos aplicables publicada no Anexo I da Resolución da Dirección Xeral do Tesouro, tal e como establece o artigo terceiro, parágrafo terceiro, da Resolución de 16 de setembro de 2016 (a vixente na actualidade), posto que o Concello de Rianxo non consta con ferramentas de valoración propias.

Posto que a vida media da operación é de 43,5 meses, e a táboa do dito Anexo I non recolle esa duración, o custo de financiamento do estado aplicable a esta operación é o resultado de interpolar linealmente os dous diferenciais máis próximos ao prazo medio da operación (37 puntos básicos para unha operación cunha vida media de 36 meses e 40 puntos para unha operación cunha vida media de 48 meses).

4.3 Custo total máximo da operación:

A operación de crédito non poderá superar o CUSTO TOTAL MÁXIMO, que queda fixado, tal e como estipula a Resolución da Secretaría Xeral do tesouro de 16 de setembro de 2016, no momento de apertura do proceso de licitación que coincide coa aprobación



destas condicións. O custo total máximo dependerá do tipo de referencia, así como do diferencial máximo permitido que é do **1,1388 %** segundo se amosa na táboa adxunta:

#### TIPO MÁXIMO VARIABLE

Tipo de operación	A longo prazo
Importe da operación	500.000,00
Sistema de AMORTIZACIÓN	Constante
Prazo total en anos (incluída a carencia)	6 (5 amortización capital mais 1 de carencia)
Vida media en meses	43,5
Periodicidade dos pagos	Trimestral
Tipo fixo/variable	Variable
Diferencial máximo a aplicar sobre o custo de financiamento do Estado, segundo as circunstancias do Concello.	75 puntos básicos
Diferencial máximo Custo Financiamento do Estado	0,3888 %
<b>Diferencial máximo aplicable</b>	<b>1,1388 %</b>
Tipo de referencia (EURIBOR a tres meses)	MÁXIMOX
Custo total máximo	1,1388 % + X

#### QUINTO. PERÍODOS DE LIQUIDACIÓNS DE XUROS

Os períodos de liquidacións serán trimestrais, coincidindo cos trimestres naturais, agás a primeira liquidación que comprenderá dende a data da primeira disposición e ata o derradeiro día do trimestre natural correspondente.

O xuro nominal será variable, referenciado ao EURIBOR a tres meses mais o diferencial ofertado (sen redondeo), sen que o custo financeiro da operación poida exceder do diferencial máximo de 1,1388 % mais o EURIBOR a tres meses, en aplicación do principio de prudencia financeira recollido no artigo 48.bis do TRFL, e de acordo coa Resolución de 16 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento das entidades locais.

#### SEXTO. XUROS DE MORA

De acordo co Anexo III, número 7, da Resolución de 16 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das CCAA e das Entidades Locais, os xuros de mora non poderán superar o tipo da operación mais o 2% anual.

#### SEPTIMO. AMORTIZACIÓN

7.1. O período de amortización será trimestral, por trimestres naturais, dende o 1 de xaneiro de 2018 e durante tres anos tras o remate do período de carencia dun ano.

O sistema de amortización será lineal, con cotas de amortización de capital constantes, e cota comprensiva de capital mais xuros variable.

7.2. Conforme co regulado no apartado Sexto h) da Resolución de 16 de setembro de 2016, o contrato a subscribir conterá cláusula relativa á amortización anticipada voluntaria a solicitude do debedor. En dita cláusula farase constar que, en tales casos, non se producirán repercusións de custos de ruptura nin cobro de comisións de ningunha clase. Non obstante, no caso de que a amortización anticipada se efectúe en datas diferentes ás de pago de xuros, se permite un custe de ruptura, sempre que dito custe se calcule atendendo á practica de mercado.

#### **OITAVO. PRAZO DA OPERACIÓN**

A) Período de libre disposición e carencia: establécese un prazo de libre disposición e carencia dende a data de formalización do contrato e ata o 31 de decembro de 2017, durante o cal a operación revestirá forma de conta de crédito, abonándose só xuros polas contías que sexa preciso ir dispoñendo para afrontar os investimentos, segundo o seu ritmo de execución. Unha vez rematado ese período, o Concello de Rianxo deberá dispoñer do saldo non disposto, consolidándose, neste caso, a cantidade de 500.000 € como a débeda do Concello fronte a entidade financeira.

B) Período de amortización: iniciárase dende o día seguinte á finalización do período de libre disposición e carencia, e terá unha duración de 5 anos. Durante este período reembolsarase o principal e os xuros correspondentes, mediante liquidacións trimestrais calculadas co sistema lineal, de cotas de amortización constantes.

C) Vida media da operación (en meses): a vida media, para a aplicación do principio de prudencia financeira e a concreción do custo máximo permitido, é de 43,5 meses, incluída a carencia.

#### **DECIMO. GASTOS**

Os únicos gastos que satisfará o Concello serán os xuros, calculados na forma establecida neste prego, sen que poidan repercutirse outros por comisións, corretaxes, comisións de amortización adiantada, comisións de indispoñibilidade etc

#### **UNDÉCIMO. CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA**

11.1. Nos presupostos do exercicio 2016 existe consignación para afrontar os custos financeiros da operación.

11.2. A existencia de crédito para os gastos financeiros e as cotas de amortización dos exercicios seguintes, queda condicionada á dotación de crédito nos presupostos dos exercicios 2017 e seguintes.

#### **DUODÉCIMO. PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN**

O procedemento de contratación consistirá na solicitude de ofertas ás entidades financeiras do municipio, ao Banco de Sabadell e ao BBVA. A licitación publicarase no perfil do contratante do Concello de Rianxo.

#### **DECIMO TERCEIRO. PRESENTACIÓN E TRAMITACIÓN DAS PROPOSICIÓNS**

13.1. Deberá cumprimentarse un modelo de PROPOSICIÓN ECONÓMICA que axustarase ao modelo do ANEXO 1 ao presente Prego.

As ofertas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de de Rianxo, no horario de

atención ó público, sendo a data límite as 13:00 horas do día 16 de decembro de 2016, en sobre pechado no que se indicará “Proposición económica para participar na licitación dunha operación de crédito a longo prazo de 500.0000 € prevista no anexo de investimentos do orzamento do 2016”

13.2. A presentación de proposición supón a aceptación incondicionada da totalidade das cláusulas ou condicións deste Prego, sen salvidade nin reserva algunha, así como oferta en firme non suxeita a ningún tipo de condición/autorización/evaluación posterior por parte da entidade financeira.

13.3. O día 19 de decembro de 2016, ás 10.30 horas, procederase ao acto público de apertura das proposicións pola Mesa que se constituirá ao efecto, presidida polo Alcalde, e actuando como vocais o Concelleiro de Facenda, A Tesoureira, a Interventora e a Secretaria do Concello de Rianxo, levantándose acta da mesma.

13.4. Á vista das propostas presentadas, serán valoradas pola Tesoureira, clasificándoas en orde decrecente, indicando cal se considera a oferta mais vantaxosa, e formulando a correspondente proposta de adxudicación ao órgano competente.

13.5. O 20 de decembro de 2016 o órgano de contratación acordará a adxudicación da contratación ou ben a declarará deserta, si considera que ningunha das ofertas cumpre coas condicións do prego. Si o órgano de contratación non adxudicara o contrato de acordo con sentido da proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

13.6. O adxudicatario deberá achegar a documentación do apartado 13.7 con carácter previo á formalización do contrato. Si a presentación da documentación se entrega con posterioridade á adxudicación, esta se acordará de forma condicionada á chegada dos ditos documentos antes da formalización. En caso de esgotar o prazo de formalización sen cumprir este requisito, procederase a adxudicar o contrato ao seguinte licitador clasificado.

13.7.- Documentación:

- Fotocopia do/dos D.N.I. da/s persoa/s que asine/n a proposición
- Escritura de poder do asinante/s da proposición e das persoas apoderadas para a formalización da operación no suposto de resultaren adxudicatarios da mesma.
- Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

#### **DECIMO CUARTA. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

Para a adxudicación deste contrato atenderase, exclusivamente, ao **menor prezo** ofrecido polos licitadores, isto é, á oferta mais vantaxosa dende o punto de vista económico. O custo total máximo da operación será o límite de prezo polo que se poida adxudicar a operación.

As ofertas referiranse sempre ao diferencial aplicable sobre o índice de referencia que é o EURIBOR a tres meses, que non excederá do 1,1388 %. A oferta expresarase en termos porcentuais cun máximo de catro decimais.

A oferta economicamente mais vantaxosa será aquela que presente maior rebaixa respecto do diferencial máximo aplicable, e polo tanto, a que represente maior minoración respecto do custo total máximo.

En caso de igualdade en canto á proposición mais vantaxosa, e si as empresas licitadoras

acreditan ter unha relación laboral de persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por 100 en cumprimento da Lei 13/1982, de 7 de abril, de integración dos minusválidos, o empate resolverase en favor da entidade que dispoña de maior número de traballadores fixos con discapacidade no seu plantel, segundo prevé a Disposición Adicional cuarta do TRLCSP. En caso de que tras a aplicación deste criterio, persista o empate, considerarase o xuro de mora ofertado.

#### **DECIMO QUINTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

15.1. Formalizarase un contrato que será asinado por parte do Concello, polo Alcalde da Corporación, e, por parte da entidade adxudicataria, por un representante ou representantes con poder suficiente debidamente acreditado. Actuará como fedatario o Secretario da Corporación. O prazo de formalización será como máximo de tres días contados a partir do seguinte ao de notificación da adxudicación e, en todo caso, dentro do ano 2016.

15.2. Non se poderá iniciar a execución do contrato sen a previa formalización do mesmo.

15.3 O contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o adxudicatario. Neste caso, o adxudicatario estará obrigado a entregar unha copia da mesma, e todos os gastos que se deriven do perfeccionamento correrán de conta do adxudicatario.

15.4. O incumprimento polo adxudicatario dos requisitos necesarios para a formalización do contrato, por causas imputables ao mesmo, facultará ao Concello para instar a anulación da adxudicación efectuada e reclamar a indemnización oportuna.

#### **DECIMO SEXTA.- FALTA DE OFERTAS EN PRAZO. FALTA DE FORMALIZACIÓN DO CONTRATO. LICITACIÓN DESERTA.**

1. Si transcorrido o prazo de presentación de ofertas e antes de declarar deserta a contratación se tivese coñecemento da existencia de algunha entidade financeira interesada, poderá adxudicarse directamente a calquera interesado que cumpra coas condicións establecidas no Prego, previa solicitude de oferta directamente a, a lo menos, a 3 entidades a proposta do Alcalde, coas mesmas condicións que figuran no presente prego.

2. No caso de non formalizarse o contrato por causa imputable ao adxudicatario, o Concello poderá, efectuar a adxudicación á entidade que tivese presentado a segunda mellor oferta.

#### **DÉCIMO SETIMA. DISPOSICIÓNS DE FONDOS**

O Concello de Rianxo efectuará peticións de fondos con cargo á operación de préstamo, e ata o límite máximo de 500.000 €, mediante comunicacións asinadas polos tres craveiros, indicando o destino concreto de cada petición, debido ao carácter afectado do recurso. Non se prevé contía mínima das disposicións.

O ingreso das cantidades dispostas realizarase a unha conta específica aberta a nome do Concello a tal efecto. Esta conta será na que se realicen os cargos por amortizacións e por liquidacións de xuros nos seus respectivos vencementos. A ordenación de transferencias dende esta conta efectuarase libre de comisións ou custes de calquera natureza.

**ANEXO 1**

## MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Don/Dona \_\_\_\_\_ co DNI número \_\_\_\_\_, e domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_ (provincia de \_\_\_\_\_), rúa \_\_\_\_\_, C.P. \_\_\_\_\_, teléfono

número \_\_\_\_\_, mail \_\_\_\_\_, actuando en representación de \_\_\_\_\_, co CIF número \_\_\_\_\_, fai constar:

Que enterado da licitación por parte do Concello de Rianxo dunha operación de crédito a longo prazo por importe de 500.000,00 €, prevista no Orzamento do exercicio 2016, declaro, con intención de obrigar á Entidade Financeira por min representada, seguinte:

**PRIMEIRO.-** Que a entidade \_\_\_\_\_ non se atopa incursa en ningunha das prohibicións enumeradas no artigo 60 do TRLCSP, e que se atopa ao corrente das súas coas Seguridade Social e das obrigas tributarias, entre elas, as referidas a este Concello.

**SEGUNDO.** Que acepta expresamente as condicións do Prego

**TERCEIRO.** Que efectúa, en nome da Entidade representada, a seguinte oferta para a concertación da referida operación de crédito:

## CARACTERÍSTICAS DA OPERACIÓN

Principal	Prazo operación	Tipo de amortización	Prazo de amortización	Liquidación Xuros
500.000,00	6 anos	Lineal	5 anos (1 de carencia)	Trimestral. Variable. Referenciado ao EURIBOR a 3 meses

## OFERTA:

**DIFERENCIAL APLICABLE SOBRE O EURÍBOR A TRES MESES:** \_\_\_\_\_ % (o diferencial expresarase en termos porcentuais, cun máximo de catro decimais, non excedendo do 1,1388%)

**XUROS DE MORA:** \_\_\_\_\_ % (o diferencial expresarase en termos porcentuais, cun máximo de dous decimais, non excedendo do 2%)

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016”

Con data 22 de novembro dos correntes a tesoureira informe relativo á operación proposta, no que se evalúa, entre outros aspectos, o principio de prudencia financeira, o custo da operación e o contidos dos pregos. Transcríbense parcialmente de seguido os apartados do dito informe sobre os extremos citados:

**“Prudencia financeira**

Coa modificación introducida polo Real Decreto Lei 17/2014, de 26 de decembro, todas as

operacións financeiras que subscriban as entidades locais someteranse ao principio de prudencia financeira, de acordo co novo artigo 48 bis do TRLRFL que reza como segue:

*“Artículo 48 bis. Principio de prudencia financeira*

*1. Todas las operaciones financieras que suscriban las Corporaciones Locales están sujetas al principio de prudencia financiera.*

*Se entiende por prudencia financiera el conjunto de condiciones que deben cumplir las operaciones financieras para minimizar su riesgo y coste.*

*2. Se consideran financieras todas aquellas operaciones que tengan por objeto los instrumentos siguientes: (...) b) Pasivos financieros. Están incluidos en este concepto deudas representadas en valores, operaciones de crédito, operaciones de derivados y cualquier otra obligación exigible e incondicional de entregar efectivo u otro activo financiero a un tercero o de intercambiar con un tercero activos o pasivos financieros en condiciones desfavorables.(..)*

*3. Las condiciones que deben cumplir las operaciones financieras previstas en la letra b) del apartado anterior se establecerán por Resolución de la Secretaría General del Tesoro y Política Financiera (...)*

*4. Las Corporaciones Locales velarán por la aplicación del principio de prudencia financiera en el conjunto de su sector público.*

*5. Precisaré de autorización del órgano competente de la Administración Pública que tenga atribuída la tutela financiera de las Entidades Locales la formalización de las operaciones a las que se refiere la letra c) del apartado 2 de este artículo, cuando no se ajusten a las condiciones del principio de prudencia financiera.”*

A Resolución de 16 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das entidades locais, establece no artigo terceiro as condicións financeiras das operacións de endebedamento: **O custe total máximo das operacións de endebedamento non poderá superar o custe de financiamento do Estado ao prazo medio da operación, incrementado nuns diferenciais máximos, recollidos no Anexo 3 da Resolución.**

O custo de financiamento do Estado pódese computar con ferramentas propias de valoración ou con asesoría externa independente. No caso de carecer destes medios, aplicarase o Anexo 1. Os diferenciais máximos sobre o custe de financiamento do Estado recollense no Anexo 3 e son distintos en función da situación de cada Administración (vid anexo 3, 2.):

*“b) Para las entidades locales:*

*i. Operaciones cuyos vencimientos quedan cubiertos por el Fondo de Financiación a Entidades Locales (Fondo de Ordenación o Fondo de Impulso Económico): 20 puntos básicos.*

*ii. Operaciones cuyos vencimientos no quedan cubiertos por el Fondo de Financiación a Entidades Locales:*

*a) Operaciones a largo plazo concertadas por Entidades Locales que cumplan las condiciones de elegibilidad al Fondo de Impulso Económico: 40 puntos básicos.*

*b) Operaciones a corto plazo concertadas por Entidades Locales que cumplan las condiciones de elegibilidad al Fondo de Impulso Económico: 50 puntos básicos.*

*c) En el caso de las operaciones de endeudamiento a corto y a largo plazo que no cumplan las condiciones de elegibilidad del Fondo de Impulso Económico: 75 puntos básicos.*

No que respecta aos requisitos obxectivos de elegibilidade por parte da Entidade Local para a súa adhesión ao Fondo de Impulso Económico ou ao Fondo de Ordenación, estarase aos artigos 50 e 39 e seguintes do Real Decreto-lei 17/2014, de 26 de decembro.

Os requisitos de adhesión ao compartimento de Fondo de Impulso Económico, ao abeiro do artigo 50 do RDL 17/14, son:

- Cumprir os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública.
- Que o período medio de pago a provedores non supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade durante os dous últimos meses previos á solicitude.
- Que estean ao corrente das súas obrigas de subministro de información económico-financeira.

O Concello de Rianxo non cumpre coa condición c) anterior, polo que o diferencial a aplicar sobre o custo financeiro máximo do Estado é de 75 puntos básicos. (...)

## V. ANÁLISE DO CONTIDO DOS PREGOS

A funcionaria que subscribe revisou o contido dos Pregos poñendo especial énfase no relativo ao cumprimento do principio de prudencia financeira.

Cumpre o artigo terceiro da resolución de 16/9/2016 pola que se define o principio de prudencia financeira:

O o diferencial máximo para a operación de préstamo sería sería :

Importe operación	500.000,00
Duración	6 anos
Periodicidade dos pagos	trimestral
Tipo fixo/variable	variable
Tipo de referencia (EURIBOR a 3 meses)	
Tipo de operación	Outras operacións (EELL que non cumpren elixibilidade)
Diferencial da operación	+ 0,75%
Coste financeiro máximo do Estado segundo vida media da operac	0,388 %

Vida media en anos	3,625
Vida media en meses	43,50
<b>Diferencial máximo permitido</b>	<b>+ 1,139 %</b>

Cumpre o artigo sexto da resolución de 16/9/2016 que se refire ás prohibicións

## VI. ESTIMACIÓN DO CUSTO DA OPERACIÓN

A efectos de efectuar unha estimación do cálculo do custe da operación no caso que nos ocupa, pretendendo formalizar unha operación de endebedamento a 6 anos (5 anos de amortización do principal máis un de carencia), considerando o incumprimento do criterios de elexibilidade ao Fondo de Impulso Económico, o custe total máximo (CTM) a 21/11/2016 será, segundo a Resolución de 16 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral do Tesouro (publicada no BOE de 17/09/2016) o seguinte:

- **CTM a Euribor a 3 meses: Euribor a 3m + 1,139 % = X+1,139 %**
- **CTM a Euribor a 3 meses publicado o 17/11/2016: -0,311 % + 1,139 % = 0,828 %**

Obra no expediente o informe de fiscalización da intervención, co resultado favorable, segundo conclusións reproducidas literalmente a continuación:

### “ CONCLUSIÓNS

Á vista do exposto neste informe, emítase informe de fiscalización favorable á aprobación do expediente e apertura da convocatoria da licitación resaltando de modo especial as seguintes consideracións:

- O órgano competente para a aprobación do prego de condicións e a adxudicación do préstamo é o Pleno e esíxese o quórum da maioría simple do número legal de membros da Corporación.
- A operación debe quedar formalizada dentro do exercicio 2016.

Desde o punto de vista económico e, sempre que se manteñan as circunstancias de control do gasto e prudencia na elaboración das estimacións de ingresos, a concertación da operación de préstamo proxectada non supón un agravamento da carga financeira con respecto deste ano, xa que en 2016 canceláronse unhas operacións de préstamo cun importe acumulado superior ao da proxectada, tanto no tocante ao gasto orzamentario como na anualidade teórica de amortización. Isto, *ceteris paribus*, isto é, mantendo constantes as restantes circunstancias que poidan afectar á solvencia do concello.

Este é o meu informe, sen prexuízo doutra opinión superior en dereito”.

Visto que ao abeiro do artigo 22.2.m da LBRL a concertación da operación de préstamo que nos ocupa é competencia atribuída ao Pleno, de maioría simple.

Propoño ao Pleno que, unha vez ditaminado pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Participación Veciñal, adopte o seguinte **ACORDO**:



#### PRIMEIRO

Aprobar o Prego de condicións para a contratación dunha operación de préstamo por importe de 500.000 € para o financiamento de investimentos do orzamento 2016, concretamente para actuacións de melloras nas escolas do Concello de Rianxo.

#### SEGUNDO

Delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a concertación da operación de crédito, por exceder a contía das operacións acumuladas no exercicio do 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto.

#### TERCEIRO

Remitirlles o Prego a todas as entidades financeiras do Concello de Rianxo, ao BBVA e ao Banco Sabadell, publicando a licitación no Perfil do Contratante, e indicando o día e a hora na que rematará o prazo de presentación das propostas.

#### CUARTO

Trasladarlle este acordo ás Intervención e Tesourería municipais.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL, do día 28/11/2015, sendo este favorable.

O concelleiro de Economía e Facenda Tobías despois de expoñer en profundidade o contido do acordo que se trae o pleno expresa que a operación de préstamo repercute nas escolas das parroquias que se atopan nun estado moi deficiente en moitos casos con problemas estruturais, de humidades, con estas medidas mellorase no rural a calidade de vida dos veciños e dos seus fillos en idade escolar. Loxicamente debería actuar a Consellería pero como o seu criterio e non invertir nas escolas rurais e tende a pechalas, nos consideramos que as escolas unitarias dan dinamismo as parroquias, o Concello de Rianxo preocupase en que estas instalacións estean en bo estado e sexan atractivas.

Neste ano o concello atópase en situación de poder endeudarse porque a débeda e inferior o 70%, tamén outras condicións de prudencia financeira analizadas pola interventora e tesoureira se cumpren fai que sexa necesario poder aprobar esta operación neste momento.

O procedemento utilizado é o procedemento negociado con publicidade no perfil do contratante solicitando ofertas as entidades con sede no concello e o BBVA e Sabadell. Os criterios de adxudicación son matemáticos, a tesoureira fará un informe e elevará a mesa de contratación que propoñerá o órgano competente a oferta máis vantaxosa, solicítase a delegación na xunta de goberno para non ter que convocar outro pleno .

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### DEBATE:

Portavoz de Rianxo en Común: É certo que as escolas son da nosa propiedade pero debemos requirirle a Concellería de Educación que asuma esas inversións que é a que ten a competencia e a quen lle corresponde asumir esas inversións, isto crea un precedente. Consideramos outros colectivos como a 3ª idade tamén merecen unhas instalacións axeitadas e unha inversión proporcional, esiximos un centro de día para

Rianxo. Os nenos merecen esa inversión e máis non queremos terxiversen o noso sentido nos apoiamos inversións pero que as fagan as administracións que teñen a competencia.

Portavoz do PSOE: nos si apoiamos, os arranxos son urxentes en moitos casos é moi necesarios. Os edificios seguirán, aínda que as escolas se cerren quedaran para uso das parroquias, se a xunta non o fai non podemos abandonar o noso patrimonio.

Portavoz do PP: con relación o préstamo e o tipo de interés é razoable, do informe cumprimos determinados obxectivos pero o PMP segue sendo superior a 30 días. Vamos a votar a favor, as escolas deben repararse, estamos a favor do préstamo.

Adolfo remata o debate expoñendo: que o Centro de día so solucionaría o problema de 40 persoas, hoxe hai mais de 22 usuarios de Rianxo que están atendidos en centros de día. A Planificación da Consellería é crear centros de día en Lousame e Dodro onde hai moita menos poboación en vez de en Noia ou Rianxo e despois temos trasladar os veciños a centros de fora dos seus concellos porque senón eses estarían vacío.

Estamos dacordo que o concello debe invertir nos seus maiores, e xa se fai coa aportación municipal para dependencia, axuda no fogar, xantar na casa .... En materia de inversións adquiriuse o edificio do Liceo e agora estase a acondicionar, a diferenza doutros concellos que llos financiou a xunta en Rianxo temos que financialo con fondos propios non como Boiro. O concello de Rianxo cedeu os terreos para construción do Centro de Dia pero a xunta con competencia na materia no crea.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 14 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, 4 dos 4 membros do grupo PP), dous votos en contra (dos 2 membros de Rianxo en Común) e cero abstencións dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

## **8.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2015**

O expediente da Conta Xeral do Concello de Rianxo de 2015 xa consta elaborado, de acordo coas normas incluídas na Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, que comezou a aplicarse na contabilidade deste ano.

O documento someteuse a ditame da Comisión Especial de Contas, para poder iniciar o período de exposición pública, de acordo cos apartados 2 e 3 do artigo 212 do texto refundido da Lei das facendas locais.

O período de exposición pública iniciouse o 25/10/2016, día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP núm. 201 desa mesma data. O período de información pública, de 15 días hábiles, finalizou o 15/11/2016. O período para a presentación de alegacións, 8 días adicionais, finalizou o 25/11/2016.

A funcionaria do Rexistro Xeral do Concello informa que no período comprendido entre o 25 de outubro e o 25 de novembro de 2016 non se presentou ningunha alegación á Conta Xeral. O trámite seguinte é o da súa aprobación plenaria segundo o artigo 212.4 do texto refundido da Lei das facendas locais, co fin de remitila ao órganos de control externo

Esta Alcaldía propón ao Pleno

#### PRIMEIRO

Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2015 do Concello de Rianxo nos termos e coa documentación que consta no expediente

#### SEGUNDO

Unha vez aprobada, remitirla ao Consello de Contas para a súa fiscalización, de acordo cos artigos 212 e 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

#### TERCEIRO

Darlle traslado deste acordo á Intervención Municipal para proseguir cos trámites de remisión do documento ao Consello e ao Tribunal de Contas.

Tobías expón a proposta :

Non houbo alegacións na fase de exposición pública. A conta xeral é a recopilación da documentación da actividade económica do Concello a efectos de rendir a contabilidade o Consello de Contas.

Na comisión xa comentamos que non cumprimos prazos por limitacións de persoal, en concreto baixas, neste momento o persoal de recadación está a facer horas e estanse sacando unha lista de auxiliares para cubrir interinidades ou sobrecarga de traballo.

O resultado das contas amosan remanente positivo, aforro neto positivo, débeda comercial , os informes son favorables.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

Portavoz de Rianxo en Común: Incidimos en aspectos negativos non son todos positivos. A Conta debería haberse aprobado o 1 de outubro e tráese a pleno o 1 de decembro dous meses despois. O 93% dos contratos son por adjudicación directa, menor o 7% con publicidade. A Alcaldía está continuamente levantando reparos de intervención. Hai moitas desviacións o orzamento non resultou realista, en materias como fomento do emprego, comercio. O resultado destes desfases perxudican a Vila e o noso grupo vaise abster.

Portavoz do PSOE: Entendemos que é un trámite que hai que facer, pero no próximo exercicio que non se tarde tanto.

Portavoz do PP: O ratio de persoal diminuiu. Esperemos próximos presupostos sexan participativos como estes, o noso grupo vaise abster.

Adolfo Muíños toma a palabra para cerrar o debate: oxalá poida aumentarse a cuadrilla de obras, non se pode calcular toda peso de inversións que se fai co persoal de obras, moitos investimentos en xardíns non dependen de subvencións somos autónomos.

As magnitudes de remanente de tesourería, estabilidade orzamentaria, aforro neto son positivos. Somos conscientes de que outras magnitude como o previsto por ICIO non foi realista, en multas ingresamos a metade pero os ingresos no seu contido global foron suficientes para soportar os gastos .Magoa que o remanente de tesourería se teña que adicar a pagar os bancos en vez de poder adicalo a inversións. Esperemos que as contas do 2016 sexan tamén positivas.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 6 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG), cero votos en contra e dez abstencións (4 dos membros do grupo PSOE, 4 membros do grupo PP e 2 membros de Rianxo en Común) dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta.

Sendo as 9.45 a interventora auséntase do debate

## **9.- APROBACIÓN DEFINITIVA DESAFECTACIÓN ESCOLA VIVENDA VACARIZA**

O 15/02/2016 ditouse a Providencia de Alcaldía na que se sinala que no inmovible denominado “ESCOLA VIVENDA VACARIZA” xa non se desenvolve un servizo público de ensinanza nin de vivenda de mestres

O 19/02/2016 a Secretaría do Concello emitiu informe.

O artigo 81 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, establece que a alteración da cualificación xurídica dos bens das entidades locais require expediente no que se acredite súa oportunidade e legalidade.

O artigo 8 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais e o artigo 47.2 n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establecen que o expediente deberá ser resolto, previa información pública durante un mes, pola Corporación Local respectiva, mediante Acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de aquela.

A desafectación de bens de dominio público de titularidade municipal afectados ao servizo público da ensinanza require autorización expresa da Administración educativa competente.

Cúmprense as razóns de oportunidade e legalidade, xa que se deixou de prestar no inmovible o servizo público para o que está afectado e o criterio de oportunidade ven dado pola necesidade que ten o concello de poñer a disposición da veciñanza locais nos que podan desenvolver actividades que redunden en beneficio do común dos veciños.

Por acordo plenario de 25 de febreiro de 2016 por maioría absoluta adoptouse o seguinte acordo :

“ALTERAR a cualificación xurídica do ben inmovible “ESCOLA VIVENDA VACARIZA” no lugar da Vacariza, 83, Rianxo, no que se prestaba un servizo público, para desafectalo do dominio público e cualificalo como ben patrimonial, previa autorización da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

INICIAR o período de información pública por prazo de un mes , mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de Editos da Casa Consistorial, para que os interesados presenten as reclamacións que estimen pertinentes.”

Sometese o expediente a información pública durante un mes , dende a publicación no Bop Da Coruña 11 de abril de 2016 , non interpoñéndose ningunha alegación según informe do rexistro

Con data 27 de xullo de 2016 RE num 4298 recíbese Resolución da Consellería de Cultura Educación Universitaria autorizando a desafectación solicitada polo Concello de Rianxo

*Conforme ao disposto Artigo 269 da Lei 5/1997 de 22 de xullo reguladora da administración local de Galicia e no artigo 82 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, propoño ao Pleno a adopción deste acordo, previo ditame da Comisión informativa de deportes e patrimonio histórico, cultura, xuventude, educación e normalización polo exposto anteriormente en virtude das facultades que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, de Bases de Réxime Local, esta Alcaldía propón á Corporación en pleno o seguinte A C O R D O :*

#### PRIMEIRO

Aprobar definitivamente a alteración da cualificación xurídica do ben inmovible "ESCOLA VIVENDA VACARIZA" no lugar da Vacariza, 83, Rianxo, no que se prestaba un servizo público, para desafecta-lo do dominio público e cualificalo como ben patrimonial.

Despois de expoñer Tobías procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### DEBATE:

Portavoz de Rianxo en Común: este asunto aprobouse inicialmente no pleno de febreiro o noso grupo votou a favor da aprobación inicial nese momento coñeciamos se se contaba co consenso de todos os interesados. Nese pleno estaban sentadas dúas mestras do cra que non se lles había pedido información nin o seu parecer, esa non é a participación que queremos o procedemento non foi o adecuado antes de aprobarse debe contarse coa participación de todos os interesados.

Voceira do PSOE: Agora e un espacio de disfrute da veciñanza .

Voceira do PP: Estamos a desafectar, ¿Cal vai a ser uso que se vai dar as vivendas dos mestres?

Alcalde: Ese expediente está sometido a exposición pública, o local perde o uso educativo, é de recibo que o recupere o concello e os veciños da Vacariza. Solicitouse permiso a dirección do Cra.

Solicitáronse autorización para desafectar 12 e concedeuse para 6, no ano 2016 o dereito a vivenda dos mestres ven arrastrándose dos anos 50 e algo está desfasado cos tempos, hoxe en día os salarios e as infraestruturas permiten desprazarse e vivir sen necesidade de que se lles conceda unha vivenda, esas vivendas poderán destinarse a vivendas sociais e unha posibilidade.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 10 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE), cero votos en contra e seis abstencións (dos 4 membros do grupo PP e 2 membros de Rianxo en Común) dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

## **10.- SOLICITUDE Á DIRECCIÓN DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, A REGULARIZACIÓN DOS REQUISITOS E OS EFECTOS DA DECLARACIÓN DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA DA FESTA DA GUADALUPE DE RIANXO**

Por resolución do 2 de maio de 2000 ondéase a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de abril de 2000, polo que se declara festa de Galicia de interese turístico, entre outras, a Festividade da Virxe de Guadalupe.

Esta Declaración estaba regulamentada no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refunción en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e festas de Galicia de interese turístico

No DOG nº 12 do martes 20 de xaneiro de 2015 publícase o DECRETO 4/2015 que ten por obxecto regular os requisitos e os efectos da declaración de festas de interese turístico de Galicia, así como o procedemento, vixencia e perda da citada condición.

O Concello de Rianxo, mediante comunicado remitido pola Axencia de Turismo de Galicia con rexistro de entrada número 1.328 do 6 de febreiro de 2015 un comunicado no que se especifica que, segundo a nova normativa, a disposición transitoria primeira dispón o réxime aplicable ás festas xa declaradas de interese turístico, como é o caso da Festividade da Virxe de Guadalupe, establecendo :

- 1.- As festas declaradas de interese turístico de Galicia manterán a súa declaración en canto cumpran cos requisitos establecidos no artigo 3 do citado decreto, coa excepción da antigüedad, que non se esixirá.
- 2.- Establécese un prazo de dous anos para adaptación daquelas festas de interese turístico de Galicia que non cumpren cos requisitos establecidos no citado decreto. Transcorrido este prazo, a Axencia de Turismo de Galicia iniciará de oficio a declaración de perda da condición de festa de interese turístico de Galicia.

Polo exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno corporativo, como órgano competente respecto da adaptación dos requisitos á nova normativa, a adopción do seguinte

### **ACORDO:**

Remitir a documentación requerida pola Axencia de Turismo de Galicia aos efectos de dar por cumprido os requisitos especificados no Decreto 4/2015:

- Memoria explicativa que xustifique a singularidade, arraigamento, valor cultural e continuidade no tempo.
- Informes técnicos que avalen a afluencia de visitantes, adaptación de zonas de aparcamento, valor cultural así coma os orzamentos destinados a este fin, entre outros.
- Documentación gráfica que amose as actividades que se realizan así como as de promoción e difusión dos eventos.

Todo elo mediante copia dixitalizada da documentación, posto que a presentación ten que realizarse por medios electrónicos.

A concelleira de turismo Adelina expón a proposta posteriormente procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

### **DEBATE:**

Portavoz de Rianxo en Común: expón que o grupo municipal apoiará e tamén facemos estudio da festa da Xouba e da Festa de San Pedro.

Portavoz do PSOE: estamos dacordo porque a festa ten que seguir sendo de interés turístico.

Avelina: a festa da xouba tamén se solicitou pero non foi aprobada a festa de San Pedro pode ser debatida nunha mesa de turismo e se cumpre poderá estudar de solicitarse, requírense serei de esixencia que a da xouba e do percebe non o conseguiron polo número de prazas hoteleiras, realmente a subvención é de 1500€ e máis un prestixio e honor.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a acta nos termos desta

## **11.- INCOACIÓN DO EXPEDIENTE PARA LICITACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO SISTEMA DE AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA NO CONCELLO DE RIANXO**

Tendo en conta a demanda existente nos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do recurso de Servizo de Axuda no Fogar; o feito de que as Auxiliares do SAF municipal están prestando atencións a usuarias e usuarios que teñen recoñecido o dereito en base á Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, considérase necesaria a ampliación do número de horas de prestación do servizo de axuda no fogar por parte dunha entidade de iniciativa privada, coa finalidade de que o persoal municipal do Servizo de Axuda no Fogar poida prestar o seus servizos ás persoas demandantes do SAF como Prestación Básica.

Visto o informe emitido o pola Traballadora Social do Concello, Rosa María Rey Romay, do 16/11/16 xustificativo da necesidade da celebración do contrato incorporado ao expediente, de conformidade co previsto no artigo 22 do RD. Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público,

Considerando que, habida conta da insuficiencia e falta de adecuación dos medios persoais e materiais cos que actualmente conta o concello, para o desenvolvemento da tarefa descrita resulta preciso celebrar un contrato que teña por obxecto a prestación do servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Sistema de Autonomía Persoal e atención á dependencia no Concello de Rianxo.

Tendo en conta que a satisfacción desta necesidade non xustifica a ampliación dos medios municipais permanentes, xa que, en todo caso, resultaría antieconómico, ao variar continuamente o numero de horas que se precisan na súa prestación.

En consecuencia, esta concelleira tendo en conta o importe estimado do contrato entende como órgano competente o pleno e proponlle o seguinte acordo :

**PRIMEIRO:** Iniciar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto tramitación ordinaria, de acordo cos artigos 93, 174 e correlativos do RD. Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para a adxudicación do “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO SISTEMA DE AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA NO CONCELLO DE RIANXO”.

**SEGUNDO:** Incorpórese ao expediente a documentación esixida polo RD. Lexislativo 03/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que

se relaciona a continuación:

Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas.

Certificado de Existencia de Crédito.

Informe de Secretaría.

Informe de fiscalización da Intervención.

TERCEIRO : Delegar na xunta de Goberno a contratación administrativa do expediente de LICITACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO SISTEMA DE AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA NO CONCELLO DE RIANXOSAF tanto a aprobación do expediente como a adxudicación, por resultar máis áxil a tramitación do expediente neste órgano administrativo .

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL E ANIMAL, IGUALDADE E DIVERSIDADE, do día 28/11/2015, sendo este favorable.

A concelleira de Benestar Social Hadriana expón polo miúdo a proposta manifestando que pretende a participación do resto dos grupos políticos a través das mesas de contratación, que se lle facilitaron o borrador dos pregos pero que é un documento de traballo pode sufrir modificacións, procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

Portavoz de Rianxo en Común: nos cando intervimos buscamos acordos, co 1º e 2º non temos problema co 3º punto, temos problema porque cando constituíron a xunta de goberno non participamos o resto de grupos e non somos partidarios de delegar competencias na xunta de goberno dado que non participamos nese órgano.

Portavoz do PSOE: entendemos que é un servizo básico e necesario que debe facerse cando antes.

Portavoz do PP: estamos a favor de sacar a licitación o servizo pero en contra da delegación.

Adolfo: non hai ningún problema, cando nas mesas de contratación estamos todos representados, era por axilidade administrativa para non convocar tantos plenos.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 10 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE), seis votos en contra (dos 4 membros do grupo PP e 2 membros de Rianxo en Común) e cero abstencións dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

## 12.- MOCIÓN DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.



**PRESENTADA POLO PSOE O 24-11-2016 Nº REX. ENTRADA 6664**

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A violencia contra ás mulleres ten as súas raíces profundas nunha sociedade desigual e discriminatoria, na que ás mulleres se lles outorgaba o papel pasivo e aos homes un papel activo e dominador. Neste momento, en España, a morte de cada muller a mans da súa actual parella ou ex parella é un sinal de alarma social que avisa de maneira intermitente de que hai que seguir reforzando e mellorando a resposta fronte á violencia machista. Para iso, hai que abundar nas campañas de sensibilización da cidadanía e dedicar máis recursos e esforzos á política de prevención co obxectivo de chegar a erradicar unha das secuelas e vergoñas da nosa sociedade: a violencia de xénero.

Coma todos os anos por estas datas, temos a obriga de facer presente este tema e non só cando, por desgraza moi a miúdo, se produce un caso con resultado de morte.

Temos que seguir pedindo a implicación real das distintas institucións e que as medidas que se adopten teñan unha consecuencia positiva na erradicación desta lacra que nos empobrece como sociedade.

Sempre que se fala deste tema, sobre todo ós que gobernan, écheselles a boca coas medidas que se teñen implantado e con tantos recursos que hai á man para que isto non siga sucedendo. O feito é que se de verdade existen non están a cumprir co seu cometido porque os casos seguen a producirse con moita frecuencia.

Para erradicar unha cousa hai que eliminala dende a raíz e neste caso creemos que non se está a facer ben. É recoñecido que a prevención é a única solución e esta ten que levarse a cabo dende as etapas máis temperás. Hai que invertir máis en prevención e tomar nota do que nos están a alertar os profesionais da Psicoloxía cando din que os programas para a prevención de condutas violentas non dan cobertura a individuos de idades temperás, e iso a pesares de que se están constatando novos patróns de violencia entre os máis mozos, especialmente a través das novas tecnoloxías.

Por todo iso, e porque a tolerancia cero coa violencia contra as mulleres debe ser un valor da sociedade no seu conxunto e, para poder ser eficaz, levarse a cabo tamén desde a administración máis próxima á cidadanía, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Rianxo presenta a seguinte MOCIÓN, para a súa consideración e aprobación polo Pleno e a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Declararnos concello comprometido coa loita contra a violencia de xénero e reclamar que os Concellos e entes locais recuperen expresamente as competencias en Igualdade e Violencia de xénero, con dotación orzamentaria suficiente, igual que o resto das Administracións Públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, co obxecto de aplicar na súa integridade e de forma eficaz a Lei Orgánica 1/2004, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

Este Concello esixe ao Goberno do estado que:

1. Repoña e dote suficientemente as partidas orzamentarias, que se viñeron recortando nos últimos anos, especialmente os recursos destinados á prevención, tamén nas idades máis mozas, e á asistencia social das vítimas de violencia de

xénero.

2. Estipule un fondo de apoio aos concellos para dar reforzo á rede de servizos públicos, impulsando o papel que desempeñan e deben seguir desempeñando os servizos sociais municipais e centros da Muller para o desenrolo e cumprimento da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e a Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
3. Poña en marcha, nos Xulgados Especializados en Violencia de Xénero, o Acompañamento Xudicial Personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre o itinerario e procedemento máis seguro no seu percorrido xudicial desde o momento no que pon a denuncia até o final do proceso. Estableza protocolos de intervención específicos para a atención integral ás mulleres que retiraron a denuncia por violencia de xénero.
4. Active de forma permanente o Plan Nacional de Sensibilización e Prevención da violencia de Xénero.
5. Incorpore ao currículo a formación específica en Igualdade, educación afectivo-sexual e de prevención da violencia de xénero en todas as etapas educativas.
6. Poña en marcha un Plan integral para previr, protexer e reparar o dano a menores vítimas de violencia de xénero.
7. Estipule a obrigatoriedade de que tanto os maxistrados á fronte do órgano xurisdiccional especializado, como avogados, forenses e equipos psicosociais que interveñan nos xulgados especializados de violencia de xénero teñan certificado, previamente a ocupar o seu posto, formación específica na materia impartida por unha institución acreditada.
8. Amplíe as disposicións preventivas, procesuais, punitivas e protectoras da lei de 2004 para abarcar, coas adaptacións necesarias, todas as formas de violencia contra a muller, tal como esixe a Recomendación Xeral nº 19 da CEDAW e o Convenio do Consello de Europa sobre Prevención e Loita contra a Violencia contra a Muller e a Violencia Doméstica (Convenio de Istambul), que España ratificou.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

Portavoz de Rianxo en Común : a nosa intervención vai ser única para esta moción e a do Bng, vamos a votar a favor, é importante reflexionar no camiño andado.

Hasta non propoñemos medidas de carácter económico porque este sistema e hipercompetitivo e hiperviolento na escola, na parella...

Voceira do PP: a violencia de xénero hai que erradica-la e todo que se faga vámolos apoiar.

Voceira do BNG: vamos apoiar a moción

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 2 membros de Rianxo en Común), cero votos en contra e catro abstencións (dos 4 membros do grupo PP ) dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos da mesma.

### **13.- MOCIÓN DE POSTA EN FUNCIONAMENTO DO ORZAMENTO PARTICIPATIVO. PRESENTADA POR RIANXO EN COMÚN Ó 25-11-2016 REXISTRO DE ENTRADA Nº 6707**

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O modelo democrático do que participamos é de matriz representativa. Este modelo, con variacións moi importantes na súa concreción, supuxo sen dúbida un moi importante paso adiante sobre outros modelos de goberno. Pero si o modelo representativos ten vantaxes tamén ten inconvenientes, o principal quizá é a paulatina separación entre representantes e representados no que estes últimos van tomando decisións á marxe e incluso contra os intereses dos primeiro en favor de minorías de distinta procedencia que se van configurando como grupos de presión.

A descrición que vimos de facer remítenos máis ben a outras instancias políticas exercidas desde máis lonxe dos cidadáns, pero tampouco a política máis próxima está libre de presións e influencias.

É sempre positivo polo tanto poñer en funcionamento mecanismos que anticipen ou revertan este tipo de situacións. Un xeito de dar pasos nesta dirección, quizá o mellor, é poñendo as decisións nas mans da xente, achegándonos así ó ideal expresado na propia etimoloxía da palabra democracia.

Ademais para camiñar con paso máis firme nesta dirección creemos que temos que posibilitar que a mesma se exerza sobre o propio cerne das decisións políticas, que para nos, como temos dito noutras ocasións, son as de natureza económica.

Os orzamentos participativos como forma de democracia directa complementan a democracia representativa e contribúen a mellorar a transparencia na xestión, a corresponsabilidade, a comunicación entre representantes e representados, a solidariedade e, acertando no deseño e posta en funcionamento poden supor unha ferramenta de primeiro orde para incrementar e mellorar o funcionamento do tecido asociativo.

Non estamos facendo nin moito menos dunha proposta nova, os orzamentos participativos en institucións de distinto tipo teñen unha longa historia. Tampouco estamos falando dunha proposta lonxana, estes orzamentos téñense implantado en institucións tan próximas a nos como o concello de Boiro.

Por todo o anterior o Grupo Municipal de Rianxo en Común propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

#### **ACORDOS**

- 1.- Dar os pasos necesarios para implantar o Orzamento Participativo no Concello de Rianxo.
- 2.- Que o orzamento de 2017 contemple unha partida ou partidas por un total de 100.000€, para que os consellos parroquiais que se terán que crear ó efecto fagan propostas de gasto ate esta cantidade conforme a distribución parroquial que se estableza.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

Portavoz do PSOE: é importante que a veciñanza participe pero as veces os desexos veciñais non son fáciles de articular.

Voceira do PP: vostedes son representantes elixidos nas parroquias cando votamos facémolo en representación dos veciños que nos votaron. O PP vaise abster.

Voceira do BNG: estamos a favor do corpo da moción. Estamos dacordo pero non temos un tecido asociativo moi grande pero é un dos primeiros pasos, temos asociacións que nos fan propostas, reclamacións pode ser un canal para ter un maior diálogo. Creo que fixar unha cantidade fixa no presuposto non creemos poida facerse sen estudar os custes e case o dobre porcentualmente que Santiago ou Coruña, debe estudarse e debatirse na comisión de participación veciñal.

Adolfo: podería aprobarse se non se establece un importe concreto, falta tecido asociativo para decidir o destino e propoñemos esa emenda.

Portavoz de Rianxo en Común: a cantidade é irrelevante, estamos dacordo en someter a votación con esa emenda

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 2 membros de Rianxo en Común), cero votos en contra e catro abstencións (dos 4 membros do grupo PP) dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA ca emenda indicada

1.- Dar os pasos necesarios para implantar o Orzamento Participativo no Concello de Rianxo.

2.- Que o orzamento de 2017 contemple unha partida ou partidas, para que os consellos parroquiais que se terán que crear ó efecto fagan propostas de gasto ate esta cantidade conforme a distribución parroquial que se estableza.

#### **14.- MOCIÓN A PROL DA AMPLIACIÓN DA ACREDITACIÓN POR VIOLENCIA MACHISTA, DA CREACIÓN DO ESTATUTO DO FEMINICIDIO E DA TOMA DE MEDIDAS CONTRA AS CONSECUENCIAS SOBRE AS MULLERES DA DESIGUALDADE ECONÓMICA.**

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

ilizar e erradicar a violencia machista en todas as súas formas e en todos os ámbitos é un do retos máis importantes que temos como sociedade de cara ao futuro. Por iso, o feminismo e as políticas feministas son ferramentas fundamentais coas que debemos traballar sen dar nada por conseguido en canto siga exercitándose a violencia contra as mulleres polo mero feito de ser mulleres.

Nos últimos tempos, fomos avanzando na visibilización dalgunhas violencias contra as mulleres grazas ao traballo mobilizador e concienciador dos diferentes movementos de mulleres. Porén, non é suficiente, temos que seguir avanzando na rúa e nas institucións e non podemos caer na falsa imaxe de que porque sexa máis visíbel do que anos atrás ou haxa un marco legal máis amplo é suficiente. Ademais, é clave visibilizar todo tipo de violencias, desde a máis extrema que pon en perigo a nosa saúde mental e física até outro tipo de violencias como a presión estética, a violencia obstétrica e tratos inadecuados no marco da sanidade até a violencia económica que sofren as mulleres neste contexto de emerxencia social, ocupando as peores taxas de desemprego e precarización, padecendo a desigualdade salarial e ocupando a maioría dos traballos non asalariados consecuencia das situacións de dependencia familiar e da falta de recursos públicos. Para todas estas cuestións, as institucións poden e deben axudar a responder e a paliar as súas consecuencias.

Queda moito por facer e a loita contra a violencia machista debe ser unha prioridade política para todos os espazos da actividade política e social. Por iso, tendo sido importantes a Lei Orgánica 1/2014, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, despois de anos de aplicación, son insuficientes en moitos casos por limitación de recursos e orzamentos. Por iso, cómpre avanzar e mellorar os marcos legais e realizar un labor preventivo e educativo maior.

Ante a gravidade do problema consideramos fundamental a inclusión do Feminicidio como forma de terror propia que sofren as mulleres e que serva de base para a elaboración dun Estatuto de vítima de Feminicidio. Doutra banda, a resposta fundamentalmente penal diante deste problema tense demostrado como insuficiente, polo que é preciso avanzar no apoio económico, psicolóxico e social así como na prevención. Corresponde á Administración local, por ser a institución máis próxima á veciñanza converterse nunha referencia para o combate deste problema e presionar para que se avance no recoñecemento das realidades de violencia machista e na súa prevención.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a trasladar ao goberno do Estado a necesidade de modificar a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, introducindo o termo Feminicidio e iniciar os traballos para desenvolver o Estatuto de Vítima de Feminicidio.

Introducir, así mesmo, na citada modificación a acreditación da situación de violencia machista, recollendo certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou documento acreditativo da propia orde de protección ou da medida cautelar; sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei. Tamén a certificación ou informe dos servizos sanitarios e/ou sanitarios e certificación dos servizos de acollida da Xunta de Galiza ou do concello. Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social e calquera outra que se estableza regulamentariamente.

**Así mesmo, a iniciar os traballos para modificar da Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero para incorporar**

### **a regulación do Feminicidio e o estatuto de protección das vítimas do feminicidio**

**Finalmente, instar á Xunta de Galiza a mellorar os servizos de atención psicolóxica, información, inserción laboral recollidos na Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e garantir que o servizo 016 de atención as mulleres estará operativo e con medios reais durante todos os días do ano as 24 horas do día.**

Instar á Xunta a promover, en diálogo coas organizacións sociais, medidas para contrarrestar a violencia económica sobre as mulleres e á rescisión dos contratos da Xunta coas empresas que non cumpran a igualdade salarial e laboral entre homes e mulleres.

Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao do Goberno do Estado.

Despois de expoñer a Concelleira de Benestar social e animal igualdade e diversidade a moción procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### **DEBATE:**

Voceiro de Rianxo en Común: remítome a anterior intervención

Voceira do PSOE: apoiamos todas as causas nesta materia.

Voceira do PP: vámonos abster a palabra feminicidio tamén a poden sufrir outros colectivos. No parlamento o grupo do BNG é onde ten que debater e propoñer a proposta e non a presentaron.

Adolfo: nos defendemos a moción e todos os temas afecten os veciños son municipais despois trasládanse os organismos competentes.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 2 membros de Rianxo en Común), cero votos en contra e catro abstencións (dos 4 membros do grupo PP ) dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

### **15.- MOCIÓN DE CREACIÓN DE UN CARRIL BICI E UN SISTEMA DE PRÉSTAMO PÚBLICO DE BICICLETAS. PRESENTADO POR RIANXO EN COMÚN Ó 25-11-2016, REXISTRO DE ENTRADA Nº 6708.**

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Nun pleno recente sometemos a consideración unha moción, que resultou aprobada, para subscribir o pacto dos alcaldes contra o cambio climático, que nos comprometía a reducir as emisións de CO2 cando menos nun 40% de aquí a 2030.

Nesta ocasión traemos unha proposta que tenta moi modestamente ir no camiño de contribuír a este descenso de emisións, que non é outra que irnos acostumando paseniño

a deixar de utilizar o coche cando non o necesitamos, e necesitarémolo menos cantos máis medios alternativos teñamos de mobilidade.

O de utilizar menos o coche non é unha teima de Rianxo en Común, o transporte é unha das fontes importantes de emisión de gases con efecto invernadoiro, ate o punto de que Greenpeace titulaba un dos seus informes, xa no de 2009, "Transporte: el motor del cambio climático". E dentro do transporte o de persoas en coches particulares é a fonte de emisións que máis está medrando.

Pero o anterior non é o único obxectivo polo que traemos hoxe aquí estas propostas. As bicicletas ademais de non emitir gases contaminantes, son o medio de desprazamento urbano máis rápido para distancias de ate 3 Km, producen pouco ruído, xeran pouca cantidade de residuos e o seu ciclo de vida é o máis sostible, son fáciles de usar, son accesibles para a maioría da poboación, como calquera exercicio moderado melloran a saúde física e mental, ocupan moito menos espazos que os coches, etc, etc.

No último parágrafo facemos pouco máis que copiar dun informe do Ministerio de Fomento do ano 2013. Pero seguimos copiando, porque se todo o que dixemos fora pouco, parece demostrado que un uso importante das bicicletas dálles as vilas, alúmenos en Europa, un ambiente agradábel que fortalece a súa identidade e as fai atractivas para os veciños e os visitantes. Poderían polo tanto acabar xogando tamén un papel de dinamizador económico.

Suxeriríamos o traxecto desde a Praza de Castelao a Te como itinerario do carril. Facémolo así porque a rotonda de Té é o punto onde paran os autobuses rápidos a Santiago, sendo tamén punto de encontro de algúns traballadores que despois se desprazan o traballo en grupo, ben en coche individual, ben en autobús, e non menos importante, é a entrada ó polígono industrial que no futuro terá moitos máis traballadores.

Pero propoñemos tamén este itinerario porque a través do paseo e algunhas vías, secundarias podería chegarse a Te dun xeito cómodo e seguro.

Propoñemos tamén un pequeno sistema de bicicletas públicas porque, aínda que en Rianxo, hai moita xente que usa a bicicleta con fins deportivos parece haber pouca que a use nos seus desprazamentos cotiáns. Sen ser demasiado gravoso para as arcas do concello, un sistema público con quizá 4 ou 5 bicicletas eléctricas podería ter un efecto dinamizador no uso da mesma.

## ACORDOS

1.- Dar os pasos necesarios para implantar un carril bici entre a vila e o entorno da rotonda de Te.

2.- Poñer en funcionamento un sistema de préstamo de bicicletas coa formula que se estime máis acaida despois de contemplar aspectos económicos e de funcionalidade.

Despois de expoñer a moción o Voceiro de Rianxo en Común procede polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

## DEBATE :

Voceira do PSOE: polo paseo pasease, sería cuestión de estudar que zoa poden convivir mellor as bicis e os peóns o mellor outras sendas en Isorna, Asados.

Voceira do PP: estamos a favor sempre haxa propostas de inversións e melloras, pero entráñanos non a propuxesen nos orzamentos.

Voceira do BNG. Estamos elaborando o plan de sustentabilidade, para facer un plan de accesibilidade tamén hai que cambiar a mentalidade da xente que vaia andando e en bicicleta. Os proxectos de aluguer de bicicletas en Vilagarcía e Compostela non foron moi afortunados, contemplamos meter estas medidas neste plan que se inclúa o carril bici, puntos de amarre seguros para as bicicletas.

O grupo do Bng propón dúas emendas a 1ª suprimir no punto primeiro “entre a vila e o entorno da rotonda de Te” e a 2ª en vez de “Poñer en funcionamento un ” poñer “Valorar a posta dun “sistema de préstamo de bicicletas coa fórmula que se estime mais acaída despois de contemplar aspectos económicos e de funcionalidade.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto coa emenda a VOTACIÓN, O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a acta ca emenda indicada

- 1.- Dar os pasos necesarios para implantar un carril bici.
- 2.- Valorar a posta dun sistema de préstamo de bicicletas coa fórmula que se estime máis acaída despois de contemplar aspecto económicos e de funcionalidade

## **16.- MOCIÓN PARA GARANTIR O SUBMINISTRO ELÉCTRICO ÁS PERSOAS SEN RECURSOS. PRESENTADO POLO BNG Ó 25-11-2016 REXISTRO DE ENTRADA Nº 6720**

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza a taxa de risco de pobreza medrou nun só ano 4 puntos, situándose no 19,4% en 2015. Isto significa que máis de 700.000 persoas están en risco de exclusión social ou pobreza.

Aos recortes, ao copagamento nos servizos públicos ou á restrición no acceso a sanidade, hai que engadir a redución nas prestacións por desemprego, xunto coa futura eliminación de servizos que se prestan nos concellos, por causa da reforma local, ou as reformas que afectarán subsidios por desemprego ou as pensións. Estas medidas agrávanse coa permanente redución dos orzamentos do Estado español e da Xunta, e que, co encarecemento da enerxía, sexa o gas ou a electricidade, o desemprego ou a falta de recursos económicos, provocan cada vez máis vítimas da política de desamparo que desenvolven os gobernos do PP no Estado e na Xunta de Galiza contra a cidadanía en xeral. Cada vez máis persoas quedan sen prestacións ao esgotaren as axudas de protección social, sen emprego, sen fogar ou sen poder afrontar o pagamento de hipotecas, alugueres ou servizos básicos como a luz, o gas... ou simplemente poder alimentarse.

O goberno local non só debe garantir por medio da administración municipal e dos servizos sociais públicos o apoio as persoas que o precisaren, senón que tamén debe impulsar diante do Estado español e da Xunta de Galiza iniciativas para que a prestación



de servizos básicos destinados aos grupos máis desfavorecidos e medidas específicas dirixidas a persoas en risco de exclusión social e con necesidades especiais permitan contribuír a garantir o benestar, a saúde e calidade de vida nesta situación dramática que padecen.

En consonancia con isto, hoxe, outro dos factores de vulnerabilidade para moitas familias galegas é a pobreza enerxética, e concretamente o subministro eléctrico as súas vivendas. Os datos referidos ao Estado español demostran que, antes de comezar a crise económica, o número de familias que sufrían un corte de luz polo impago do recibo da empresa subministradora era de 600.000 e, nos últimos anos incrementáronse.

Esta situación faise especialmente dramática pensando que se poidan producir cortes do subministro en fogares sen recursos, un feito que agudizará aínda máis as penosas condicións de vida das persoas que os habitan.

Países europeos, como Francia, limitan durante o tempo invernal os cortes de subministro eléctrico a familias sen recursos que non teñen cartos para pagar o recibo da luz. Alemaña paga a calefacción e o aluguer das persoas en paro de longa duración. Cataluña estuda prohibir os cortes de enerxía a familias na pobreza.

Os niveis e datos de pobreza en Galiza que enumeramos ao principio e as condicións climatolóxicas adversas do inverno, fan especialmente necesario que o goberno central e a Xunta de Galiza adopten medidas diante desta problemática para evitar as súas dramáticas consecuencias.

O goberno do Estado español xustifica o fortísimo incremento do recibo da luz dos últimos anos nun suposto déficit tarifario. Así, argumenta que o prezo da electricidade non cobre os custos de produción. Porén, isto é falso. A trampa reside na metodoloxía utilizada para o cálculo do custo de produción a través de poxas no mercado maiorista, o coñecido como “pool” eléctrico. Antes da liberalización do sector, ligábase o prezo da enerxía ao custo real de produción de cada unha das tecnoloxías. Na actualidade, o prezo final da electricidade no mercado maiorista vén determinado polo prezo da última oferta en ser aceptada. Isto significa que, dada a existencia de tecnoloxías que producen a uns custos moi inferiores, este sistema xera uns beneficios esaxeradamente elevados aos propietarios desas instalacións de produción; son os coñecidos no sector como “beneficios chovidos do ceo”, sobre todo no caso de enerxías case amortizadas como a hidroeléctrica e a nuclear. Cabe, por tanto, opoñerse con absoluta rotundidade a incrementos no recibo da luz eléctrica que só fan engordar as contas de resultados das grandes compañías eléctricas. Cómpre avogar, pois, por unha reforma a fondo da normativa do sector eléctrico, tanto para corrixir os denominados inxustos e elevados beneficios que se xeran co formato actual de poxas de enerxía no mercado maiorista, co que se poría fin á escalada no incremento do déficit da tarifa, como para retornar a un modelo de maior intervención e control nun servizo esencial como o subministro eléctrico aos fogares, cuxa liberalización demostrou que beneficia exclusivamente ás grandes empresas enerxéticas a custo dunha política abusiva coa maioría das persoas abonadas.

Esta situación prodúcese nun contexto en que Galiza é excedentaria na produción de electricidade. Así, mentres padece os custos sociais e medioambientais que supón a xeración eléctrica, non obtén ningún beneficio desta condición.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

## ACORDO

Instar á Xunta de Galiza ás seguintes cuestións:

- a) Realizar as modificacións legislativas necesarias para garantir o subministro enerxético ás familias que estean en situación de pobreza e, entre tanto, adopte medidas prácticas para evitar as dramáticas consecuencias desta problemática nos fogares galegos máis desfavorecidos.
- b) Instar ao Goberno do Estado a regular a prohibición taxativa de corte de subministro unilateral por parte das empresas subministradoras de servizos esenciais, particularmente os de enerxía, ás familias, precisándose en todo caso a autorización da administración competente para evitar os cortes a persoas e familias sen recursos.
- c) Solicitar do Goberno do Estado español que permita a creación dunha tarifa eléctrica galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, posibilite unhas menores tarifas tanto para o consumo doméstico como para as empresas.

Despois de expoñer a concelleira de promoción económica a moción procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

### DEBATE:

Voceiro de Rianxo en Común: votamos a favor da moción non entramos no tema das eléctricas que dende que se liberalizaron é un desastre. Temos que ir a raíz dos problemas da pobreza, para intentar solucionarlos.

Voceiro do PSOE: tamén a apoiamos.

Voceiro do PP: no goberno socialista aumentáronse as tarifas un 66% . O PP vai votar a favor porque non queremos ninguén este sen electricidade. Pero as empresas a súa finalidade é ser produtivas.

Alcalde: unha empresa eléctrica di que perde cando deixa de gañar.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, resultando APROBADA por unanimidade dos 16 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

## 17.- ROGOS E PREGUNTAS

O Alcalde expón que dada a hora na que estamos vou contestar as preguntas do pleno anterior e as formuladas neste pleno darase a resposta no seguinte.

Resposta a pregunta do grupo Rianxo en Común no anterior pleno: O custe do Liceo a adquisición ascendeu a 114.552,14€ compra do edificio e a obra a 57.475,01€ o total 172027,15€

O valor de mercado ascende a 293398,57 € e con referencia os locais con colectivos teño un listado logo doucho.

Portavoz de Rianxo en Común:

- Temos un rogo na relación de facturas aparece que se autorizou a compra dun herbicida grifosato e troixose o pleno unha proposta de non utiliza-lo .

- Hai meses aprobouse en pleno o aprobación inicial do inventario de camiños fíxose presentación parroquias ¿Cando está prevista a aprobación definitiva ?

Portavoz do PSOE :

- A pista do Bosque non se desbrozou nin a do parque de Toimil.

-Cando fai vento os contedores móvense ¿prevese facer anclaxes?

- Existe un acopio de residuos na parte alta do Monte de Barral con resto de neumáticos, plásticos poda.

Portavoz do PP: ¿Cando se vai pintar a carretera de saída de Rianxo? ¿a carretera de Rianxiño debe arranxarse, instar a que se faga?

Alcalde: con respecto o Inventario de camiños hai mais de 130 alegacións a empresa que elaborou o PXOM está a informa-las.

Con respecto a Barral, esa finca en parte é do Concello na época da poda moitos residuos de orixe vexetal lévanse para alí prevese limpar a finca.

Ás 23:30 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Rianxo, luns 5 de decembro de 2016

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez